

Num. 35/11-18 agosto do 77

TEIMA

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Public. 1881

Corenta pesetas

Os vrans galegos
e Franco



Marineiros sen mar



TEIMA, deica logo

OS LIBROS-TEIMA

(Ou como conseguir de balde unha completa biblioteca galega)



Agora ten a posibilidade de facerse cunha completa biblioteca galega sen gastar un can. Todo o que debe facer é fiarse das instrucións:

1) Fágase suscriptor de TEIMA, por un período dun ano, e suscriba a dous amigos.

2) Remítano-las tres suscripcións.

E xa está. A volta de correo recibirá un lote de libros galegos sobre a temática que lle pete: ensaio, novela, historia, gastronomía, política, temas actuais...

Por suposto, pode repeti-la operación tantas veces queira e poida. En cada ocasión recibirá un distinto lote de libros.

Contribúa a que TEIMA medre... e faga medra-la súa biblioteca.

| | | |
|--|--|-------------|
| NOME | | |
| DOMICILIO | | |
| POBOACION | | |
| PROVINCIA | PAIS | |
| TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal) | | |
| | ANUAL | SEMESTRAL |
| PENINSULA IBERICA | 1.872 Ptas. | 936 Ptas. |
| EUROPA: | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 3.120 Ptas. | 1.560 Ptas. |
| RESTO DO MUNDO | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 4.500 Ptas. | 2.250 Ptas. |
| | <input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º | |
| XEITO DE PAGO: | <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º | |
| | IMPOSTO EN | DATA |
| | <input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO | |

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Escriba á rúa do Hórreo, 94-Entrechán—D
Departamento de Suscripcións.



XURXO LOBATO

pola nosa banda

Deica logo

- 4** informe:
 - Mariñeiros sen mar
- 8** Os Eidos
 - Os «outros galegos» e o nacionalismo (X. A. Gaciño)
 - Sexoloxía
 - A nosa lingoa
- 10** Sucede no país:
 - Corzo Diéguez en Arzúa: ¡Esta sí que é boa!
 - «El Corte Inglés» contra todos
 - Morrazo: mallar nos obreiros
 - Porto do Son: a labazadas co personal
 - OS VRANS GALEGOS DE FRANCO
 - As derradeiras horas de TEIMA
- 24** Pobos Ibéricos
 - O mundo secuestrado
- 26** Vieiros
- 28** Fiadeiro
- 30** Cultura
- 34** Cartas á Dirección

TEIMA foi, deica agora — e seguirá sendo, se Deus e os homes que controlan os resortes deste país o queren — un pequeno milagre semanal. Un milagre difícil, cheo de imperfeccións, adornado de atrancos e feito no ámeto teóricamente hostil que o rotundo triunfo da dereita nas eleccións parece presaxiar pra un órgano informativo de esquerda con pretensións nacionalistas. A pesares de todo, e contra os pronósticos duns e os desexos e presións doutros, este semanario ten sobrevivido deica agora a experimentos semellantes levados a remate noutras nacionalidades. As caídas de «Berriak» e «Garaia» nun País Vasco onde o triunfo das forzas nacionalistas foi asoballador, ou do «Arreu», morto prematuramente na mítica Catalunya son —deberan ser— motivo de reflexión prós que traballamos no complexo mundo dos medios informativos, e en xeral, pra tódolos implicados na reconstrucción do país galego. ¿E posible hoxe unha prensa nun idioma non normalizado, non oficializado?. ¿Hai algún xeito de saír do ghetto culturalista e integra-lo galego, o catalán, o vasco, na vida cotiá da xente ó través da información? A experiencia de TEIMA —única, desgraciadamente, polo dagora— confirma, no que a Galicia respecta, a viabilidade dun xornalismo en, de por, pra e desde o noso país. Esta revista, produto pioneiro e por tanto terriblemente imperfecto, servíu e serve de motivo pra que os galegos se desmostren a sí mesmos cada venres que Galicia como país segue tendo unha alta cotización, ó marxe das relativas urnas suarecianas.

Desgraciadamente, a constancia e hastra o patriotismo dos lectores non abonda pra manter unha publicación nos contextos estatal e galego en que se desenvolve a vida económica de TEIMA. Contradición de contradicións, este semanario debe recurrir, para seguir adiante, á financiación indirecta —léase publicidade— por parte de determinados sectores fronte ós que, en moitos casos, debe manter por lealtade a Galicia unha posición crítica permanente. Todo un circo pechado pró que hai escasas saídas.

No xusto centro dese circo atópase, a mes de agosto de 1977, TEIMA. E se agora lles aseguráramos que as cousas teñen solución doada, estaríamos faltando ó noso compromiso de sinceridade cos milleiros de lectores que semana a semana xustificaron a existencia desta revista. O respecto, o culto á verdade do que, acertadamente ou non, quixemos facer norma, obriganos a decirlles que este que teñen nas súas máns puidera se-lo derradeiro número de TEIMA nunha tempada máis ou menos longa.

Faise difícil analizar, coa linotipia agardando, as circunstancias que propiciaron a actual situación. Ademais dos factores contextuales que antes citamos, habería que poñer na conta a parte de responsabilidade —importante, ineludible— que corresponde a todos e cada ún dos que deixamos un anaco de nos mesmos nesta empresa, sen conseguir atopa-lo camiño da continuidade.

Queremos, pesia todo, restituir ós poucos ou moitos amigos que podamos ter ó cabo de oito meses, a tranquilidade e a confianza. Queremos asegurarlles que se TEIMA segue adiante, non haberá presións económicas nin boicots políticos que condicionen unha liña que só eles teñen dereito a cambiar coas súas críticas. Queremos decirlles tamén que, de se producir, o fin de TEIMA non será o fin, senón un paso máis cara un necesario periodismo galego ceibe.

A Historia está do lado dos que cremos que inevitablemente haberá un mañán de liberdade, pesia accidentes tan cativos como a posible caída deste semanario. Galicia perde unha voz, e nada mais. Non temos presa.



Edita a Sociedade Galega de Publicación.
Director: Anxel Vence Lois
Xefe de Redacción: Antón López Mariño.
Reportaxes: Perfecto Conde Muruais.
Entrevistas: Xavier Navaza Blanco.
Cultura: Luís Alvarez Pousa.
Información do estado e do mundo: Xosé M. García Palmeiro.
Redacción na Coruña: Manuel Rivas.
Redacción en Vigo: Víctor Fernández Freixanes.
Corresponsáís: Guillermo Campos (Pontevedra) Xosé Platero Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense). Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo) e Xosel Vilela (A Coruña).
Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura). Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral). Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía). Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino). Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología). Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa). Xosé Marpá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo. Domingo Quiroga (Pesca). Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía). César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo). Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)
Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)
Enviannos información do Estado e do mundo: Roxelio Martínez, (Madrid). Carlos Porto (Lisboa). Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya). Gregorio Gálvez (Euzkadi). A. Ramos Espejo (Andalucía). Equipo Andalan (Aragón). Vicent Ventura (País Valenciá). Equipo Cort (Balears). Ramón Luís Chao (París). F. Pérez-Barreiro (Londres). Domingo Fernández (Buenos Aires). Emilia Vázquez (Santiago de Chile). Baldomero Cores (Puerto Rico). Xosé L. Iglesias (Hamburgo).
Fotografía: Manuel Yáñez, Xurxo S. Lobato, Luis Galoi.
Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.
Cartografía: Mario L. Rico
Confecciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó
Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez
Administración: Rosa M.^a Castro, Mercedes González.
TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.»
 Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña
Os nosos distribuidores:
A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)
Lugo: «Carvel» (215069)
Ourense: «Eudósia Castro» (224349)
Pontevedra: «Cao» (855374)
Vigo: «Distribuidora Víguesa de Publicacións» (414570)
Ferrol: «Velo» (357707)
Santiago: «Prensa Nacional» (583456)
 (Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)
Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela
Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)
Apartado de Correos n^o 448
Depósito legal: C-649-1976. Sollicítarase o control de O.J.D.
 TEIMA non se solidariza necesariamente cos criterios expostos polos seus colaboradores.



XURXO LOBATO



A folga chegou ó mar

Durante unha semana os barcos galegos de altura —e tódolos do Cantábrico— estiveron nas súas bases participando nunha inesperada folga desencadeada polos patróns e asumida polos mariñeiros que lle deron carácter. Subiu o peixe en moitos casos hastra catro veces o que valía antes en calculan os armadores que se perderon uns 150 millóns de pesetas só en valor de lonxa.

Os sindicatos lidiaron o touro como mellor puideron e os mariñeiros decatáronse de que lles fai falla a unidade. PERFECTO CONDE, que viviu o conflito día a día na Coruña, resume a marcha da meirande folga marítima que houbo despois da guerra.

Venres 22 de xullo. A frota pesqueira faena aínda nós caladeiros do Gran Sol pro xa se estende a preocupación coma a pólvora. Xesús García Montes, patrón dun barco coruñés e membro da comisión que negociaría despois cos armadores, deu a súa versión a TEIMA: «Sabíamos que as autoridades de Irlanda apresaran ó barco de Ondárroa *Endai* e comenzamos a decatármonos de que podían empeora-las cousas. Falamos por radio entre os patróns de pesca e pedimos información, pola costeira de Valentía, a mister Cornelius O. D'O'novan que é o representante dos nosos armadores en Castletown. Este señor, que sempre tivo a nosa confianza, díxonos ben claramente que non era ningún bulo o apresamento e que había catro lanchas preparadas agardando instrucións dende Bruselas pra intervir. En principio pensamos que o barco apresado podía estar dentro das cincuenta millas pois extrañábanos que o colleran das cincuenta ás duascenas, cousa que non viña facendo Irlanda debido a que mostrara sempre certa tolerancia connosco neste senso. O Cornelius informounos de que non era así, de que o barco estaba fóra das cincuenta millas e que podían seguir máis apresamentos. A todo isto, nós víamos movemento da mariña de guerra irlandesa a carón noso, seguramente non eran máis ca maniobras militares, pro o caso é que collemos medo. O domingo 24 pola tarde falouse entre os patróns de volver a terra e decidiuse que era o mellor que podíamos facer pra salvagardar a seguridade das tripulacións e os intereses económicos dos armadores. Así o fixemos o luns 25, que foi cando tódolos barcos de pesca de altura tomaron rumbo ós seus respectivos portos en todo o Cantábrico».

A VERSION DOS ARMADORES

Non entenderon así a cousa os ar-

madores. «En todo momento —declarou a esta revista Xosé Freire Vázquez, presidente da Agrupación de Armadores da Coruña— nós mandámoslles ós patróns que non abandonaran os caladeiros e que, se fora de necesidade saír das duascenas millas, que se botaran mar adentro pra agardar ordes e esperar a que os acontecementos aconsellaran qué facer. Dende o primeiro intre, nós eramos conscientes de que temos unha batalla que librar e que só pode librarse onde está a guerra, é dicir no Gran Sol. O noso fronte está alí e foi un erro grande abandonalo. ¿Qué podemos facer cos barcos amarrados ó muelle?. Pouca cousa. Onde temos que presionar ó Goberno pra que presione á súa vez á Comunidade Económica Europea é no mesmo Gran Sol que pra iso foi sempre un mar libre dende que o mundo existe. Neste senso, foi unha decisión errónea e unha falta considerable de disciplina a dos patróns cando tomaron rumbo ós portos sen atenderlas nosas instrucións que estaban ben clariñas a traveso das mensaxes que lles mandamos».

Xoán Etchevers, presidente da Cooperativa de Armadores na Coruña, tamén plantexou así o asunto. «Este asunto só ten un plantexamento —dixo a TEIMA—. E é o de que, aínda sendo os armadores os que máis podemos perder cos barcos no Gran Sol, hai que seguir alí. A nosa decisión está ben clara e non é outra cá de pescar, pescar e pescar. Que se decaten os patróns e mailos mariñeiros de que non se trata agora de facer cada un a guerra polo seu lado senón que isto é unha batalla que temos que gañar xuntos. Os armadores sómo-los que máis expoñemos e non é xusto que ninguén se aproveite da situación pra pescar en auga revolta. Ou presionamos todos pra saír do atranco ou o desenlace pode ser dramático pra todos nós e prá economía galega sobre todo».

Mentres tanto, non faltou quen coidase que a folga dos barcos do Gran Sol podería beneficiar polo menos a unha parte dos armadores ós que se supoñía mesmo promotores ocultos da volta a porto. «Iso é un infundio —contestou a TEIMA Freire Vázquez—. Os armadores sómo-los primeiros en querer estar no mar e non en terra. O que queremos é que se lle dea saída a unha situación que, dende hai xa moito tempo, está a ser dramática pra nós. Queremos que o Goberno estableza dunha puñeteira vez unha política concreta de pesca e que se resolvan as terribles contradicións que afectan ó mundo do mar e que poden moi ben rematar coa súa vida. Hai que negociar licencias, distribuír cretos, ordena-lo sector que é unha cousa que está por facer aínda, senón a pesca vaise ó garete en menos tempo do que se pode pensar».

«España nunca tivo unha clara política pesqueira —engadiu Zapata, outro armador coruñés—. Aquí sempre andívemos, os que témo-los nosos cartos invertidos no mar, ó socaire do que decía e desdecía un Goberno que non contou pra nada coa planificación pesqueira. Construíronse máis barcos dos que era mester porque os políticos daban cretos fáciles e apetecibles pensando soamente en desenrola-la construción naval pro non contemplando os intereses da economía pesqueira: debemos ser un dos poucos países no mundo que mostrou tamaña improvisación a pesares de que somos, polo menos en Galicia, a terra que tivo sempre maior vocación de cara ó mar. As consecuencias estamos agora a pagalas».

ESTALA A FOLGA

Esta situación plantexábase a mediados da semana seguinte o 25 de xullo. O martes 26 os muelles coruñeses

e o Berbés de Vigo apareceron cheos de barcos que arribaron a porto cunha tripulación que volvía confusa e preocupada. O mércores, a totalidade da frota que faena nos caladeiros comunitarios europeos estaba amarrada. En principio, só eran os patróns os que plantexaban o conflito. Querían garantías de que non lles pasaría nada en caso de volver ó mar e de que houbera apresamentos. «¿Quen vai paga-las sancións que correspondan ó patrón?», preguntábanse. Houbo negociacións, nada difíciles por certo pois os armadores consideraron de entrada que eles eran os que terían que correr con todos eses riscos e o vernes 29 os barcos podían ir ó mar, no que se refire ós patróns que xa tiñan conseguido entón un acordo cos armadores consistente en que as sancións ían pola súa conta e que as tripulacións terían salarios mínimos garantizados en caso de que houbera apresamento. «Sabemos que a situación pode ser agora mais difícil —contou a raíz disto un patrón a TEIMA—. parécenos que agora é cando pode haber realmente medidas drásticas por parte de Irlanda pro saímos ó mar conscientes de que debemos facelo e, aínda levando algo de medo, partimos mínimamente seguros polas garantías que conseguimos dos armadores».

A cousa non fixera mais que empezar realmente. Porque ese mesmo día a práctica totalidade dos mariñeiros de Vigo e da Coruña, aproximadamente catro mil traballadores do mar, negouse a volver ó Gran Sol mentres non houbera garantías concretas do que ía pasar alí. En Vigo concretamente, a loita plantexouse dunha maneira distinta á da Coruña pois no seu porto armadores, patróns e mariñeiros coincidían en



que o Goberno tiña que pronunciarse antes de saír novamente ó mar. No Berbés houbo, dende o primeiro intre, unha unidade mínima que nunca se logrou no porto coruñés a pesar dos pesares. Estralaba, pois, a primeira gran folga mariñeira que viviu Galicia na postguerra.

Unha folga que ía dar, de súpeto, moito que falar. Na Casa do Mar, hastra hai ben pouco tempo escenario reservado case unicamente ás ceremonias pseudosindicaís do verticalismo, a loita dos mariñeiros ía plantexarse en toda a súa crueza arrastrando tódalas contradicións que se poda imaxinar e dando orixe ós máis insospeitados protagonismos e antagonismos políticos e laborais. A cerimonia da confusión, deixémonos de coñas, estivo ben clara dende o principio e os mariñeiros non foron opacos a ela pro tampouco deixaron de decatarse de que existía ¿Que significaron, se non, as liortas assemblearias entre as principais centrais que moveron o cotarro?. Porque, cando Comisións Mariñeiras (próximas ó PCG) andaba polos peiraos tratando de face-la súa guerra, na Casa do Mar o Sindicato da Pesca Galego (APG, MCG, PSG, etc.) tiña xa de antes convocada a súa assemblea prás seis da tarde do xoves 28 de xullo. Por se fora pouco, ese mesmo día aparece no escenario o Sindicato Galego de Traballadores do Mar (UPG e ANPG) e fixo o que se pode considerar primeira assemblea do porto ás doce da mañá na que sacou como puído unha comisión composta por dazaoito membros que despois sería recoñecida polos restantes sindicatos. A unidade brillou pola súa ausencia e quen teña asistido a tódalas assembleas que se celebraron (TEIMA mantivo sempre destacado na Coruña a un dos seus redactores) concordará en que houbo momentos nos que a competencia sindical entre uns e os outros pasou sen duda de castaño escuro.

LIORTAS INDICAIS

Decíao claramente un mariñeiro cando interveu na assemblea da tarde do venres: «Aquí hai moito sindicato e moito señor que nos di isto e aquilo. Eu o que quero saber é quen vai ter que ir novamente ó mar, quen vai pasa-las noites traballando por catro cadelas e quen vai ir parar a Irlanda preso cando nos veñan busca-las cañoneiras se é que van vir como parece». A isto contestaríalle outro mariñeiro berrando alporizado «Fóra os sindicatos e os políticos e a ver se somos nós capaces de decidi-lo que queremos e levalo pra adiante». Evidenciábase, cada día que pasaba, que a maior parte dos sindicados,

por non deci-la totalidade, estábanlle dando un tratamento ó tema semellante ó que podía ter unha folga en calquera fábrica. O Economista Fernando González Laxe, especialista en cuestións mariñeiras que seguiu tódolos días o conflito, salientou esta idea falando con TEIMA: «Os sindicatos quixeron xogar un papel hexemónico hastra o punto de que o que se trataba ahí era de demostra-la súa existencia, a súa presenza na loita e de medrar en militancia. Dahí, que se montaran tendas practicamente polo muelle e na Casa do Mar. Os sindicatos, dado que ningún deles ten unha estrutura organizativa forte, non tiñan prevista a folga nin solucións ó problema pesqueiro e, polo tanto, patinaban sempre. Considerada esta cuestión friamente, coido que os sindicatos xogaron un papel nefasto por non saberen canaliza-las peticións da xente».

Así se explican os puteos que se dirixiron entre si as centrais. «¿Por que ten o SPG esa oficina case oficial aquí na Casa do Mar e os demais temos que pousa-lo fol onde podemos?», preguntábanse os dirixentes do SGTGM cando quixeron poñer unha mesa de propaganda na entrada do edificio. «¿Por qué temos que aguantar nas assembleas unha ducia de axitadores da UPG?», inquerían os da UGT. «¿Onde estiveron nos primeiros días os de Comisións Mariñeiras e os do Sindicato Libre da Mariña Mercante?», decían outros. «¿Por qué hai tantas caras de señoritos nesa mesa presidencial?», decían tamén algúns mariñeiros. Resulta curioso pro unha análise das profesións da xente que máis interveu dende tal mesa pasa por ateeses, abogados, curas, estudantes, economistas e poucas veces por verdadeiros mariñeiros. Está ben claro que todos eles estaban na súa calidade de asesores técnicos das centrais pro tamén é evidente que, en moitas ocasións, foron os que avanzaron decisións a tomar e que logo eran seguidas pola assemblea intermitentemente. Porque, caso curioso, as trescentas persoas que asistiron ás reunións da Casa do Mar collían pra un lado ou pra outro segundo lles petara e, dahí, que ora apoiaran unha postura do SGTGM ora outra do SPG e despois aínda outra das CCMM. Valía mais o que dixera un orador polo altavoz que a propia reflexión da assemblea, que poucas veces se levou a cabo de maneira total.

BOTAR A PIQUE A NEGOCIACION

Que os sindicatos estaban ó seu viuse claramente o luns primeiro de agosto. Pola mañá a assemblea acordou negociar cos armadores uns puntos mínimos pra saír ó mar. Eran que non houbera despídos, sancións nin represalias;

que se garantizaran salarios mínimos de trinta mil pesetas pra mariñeiros, co-ciñeiros e engrasadores e de corenta mil pra categorías superiores no caso de haber apresamento; e que se admitira unha comisión mixta de mariñeiros e armadores pra negocia-lo día e as condicións de embarque e as futuras relacións laborais na frota. Isto quedou ben claro, «se os armadores aceptan, saímos ó mar», díxose pola mañá. A mediodía a comisión (formada por tres membros eleixidos na assemblea e dous por cada sindicato, menos polas CCMM e SLMM que non estaban presentes) foi ve-los armadores e mantivo con eles unha reunión á que asistiu un redactor desta revista. Alí viuse claramente que tampouco os armadores mantiñan unha posición homoxénea. Habíaos que víron con bos ollos acepta-las condicións propostas e outros que se volveron micos pra non ceder sobre todo no tocantes á garantía dos salarios citados. Unha postura parecía encabezada por Etchevers, presidente da Cooperativa de Armadores, a de non ceder, e pra iso manexáronse pintorescas cuestións «de principio» e argumentos socialmente indemostrables de que «quen mais xoga nisto é o armador». Outra posición, abonada fundamentalmente polo exportador Seoane Vizcaíno, era máis flexible e abogaba por unha negociación inmediata «na que todos temos que ceder algo». Un sindicato, o SGTGM, estivo practicamente calado e dalí saliuse co acordo de saír ó mar escalonadamente nas seguintes vinte e catro horas.

Pois ben, hora e media máis tarde foi precisamente o SGTGM quen quentou a assemblea (doada de quentar, por outra banda, sempre que tivera lugar inmediatamente despois das comidas dado que acostumaba a haber notable euforia en relación coa mañá) proponendo que a folga continuara mentres non dera o Goberno garantías concretas de que non habería apresamentos. Voltábase así á situación de dous días antes cando se lle telegrafíara ó presidente do Goberno decíndolle que non habería saída mentres non viñera á Coruña un emisario gubernamental a informar e negocia-lo conflito. As Comisións Mariñeiras e o Sindicato Libre da Mariña Mercante, que hastra este día non se soubera moi ben por onde andaban, apoiaron esta postura e deuse así o caso curioso de que apareceron na mesma misa «españoleiros» e «nacional-populares», feito que foi moi comentado. A consecuencia, que, cando se estaba a punto de atopar unha saída que parecía válida, as cousas volveron ó principio e os armadores que agardaban resposta quedaron compostos e sen mariñeiros pra bota-los seus barcos ó mar.

Era a tarde do luns e xa se sabía que

as negociacións co Goberno que prometera CCMM non pasaran dunha xuntanza en Madrid entre os seus e os do SLMM. «Pra iso andiveron decindo polo muelle —contou a TEIMA un mariñeiro— que eles só fan resolve-lo conflito». A esta altura, boa parte dos barcos, ó redor de cincuenta, xa saíran ó mar tomando decisións cada un pola súa conta e deuse mesmo o caso insólito de que varios compoñentes dun piquete que saíu pra evita-lo embarque dos demais subiron eles a cuberta e navegaron rumbo ó Gran Sol. «O que non temos é unión nin solidariedade entre nós —comentaría un mariñeiro á vista disto—, nin tampouco collóns porque senón o que tiñamos que facer é tirar ó mar a uns cantos e verías como despois andaban con mais coído». A súa previsión case se cumpriu horas máis tarde cando un piquete case esnafra a cara dun mariñeiro do *Asunción Riveiro* que tivo que ser curado nunha clínica. «Subiron ó barco e pegáronme sen

XURXO LOBATO



TODO UN SIMBOLO

mais», informou o propio ferido a esta revista. O que estaba claro, el mesmo o confesou, é que se trataba dun rapaz novo que ía saír ó mar contra a decisión da assemblea.

A tensión era notable nas derradeiras horas do luns. Os mariñeiros desconfiaban das súas propias forzas ó ver que cada vez ían mais homes ó mar. Empezaron a aparecer algunhas mulle- res que se doían de que nas súas casas ía falta-la comida. A popular Maruxa Rey andívo polo medio decindo que as cousas hai que facelas aínda que costen traballo e esforzos. A Casa do Mar parecía algunha vez un campo de batalla —dialéctica— e ouvíanse os berros

dende a rúa. «Estes mariñeiros son traballadores moi especiais — opinaría un sociólogo consultado por TEIMA—. O seu individualismo é feroz polas condicións de vida a que se ven sometidos e resulta moi difícil organizar de súpeto unha loita sindical clásica entre eles». Escoitan o que queren e, se non lles convén o que ouven, non dudan en decilo ás claras. «Fóra, fóra, carallo», gritáronlle ó deputado socialista do PSOE por Huelva que se presentou na assemblea en tono conciliador e decindo que viña de Dublín de negociar cos sindicatos europeos. Escoitaron con máis atención ó seu camarada Francisco Vázquez, deputado socialista pola Coruña, cando prometeu traballar dende o Parlamento polas solucións dos problemas da pesca. Faláballes en galego e nunha linguaxe que estaba máis perto do seu mundo.

A división o luns en dous bandos dos sindicatos foi notoria. Por un lado SPG e UGT querían cumprí-la negociación

VOLVER O MAR

O martes volveron ó seu rego. Nunha votación feita pola mañá somentes participaron 105 mariñeiros. Oitenta e dous, a favor de que continuara a folga e vinte e cinco dispostos a embarcar nas condicións que se pactaran o día anterior. CCMM empezou a recuar na súa postura e o SGTM replantexou a situación. «Está claro —dixo un dos seus representantes— que aquí houbo sindicatos que non estiveron á altura das circunstancias, que non souberon defender á clase traballadora e que nin siquera teñen tantos militantes como din pois ben se viu cando mandaron saír ós seus e non se ergue da sala practicamente ninguén». Mandouse da-lo nome ós que votaran a favor da folga pra organiza-la súa defensa se facía falta e somentes acudiron corenta. Estaba claro que a folga remataba agora, se non acabara xa antes. «Que vaia ó mar todo quisque —acabouse por decir— e ne-

tablezan o seu futuro laboral nun convenio de sector no que haberá que modificar moitas relacións laborais que son, hastra agora, practicamente medievais. Na conciencia dos homes do mar está a necesidade de cambia-las lexislacións que fan deles traballadores sen dereitos e só con obrigacións. «Temos —dixo ben claramente un deles— que conseguir que nos quiten esa lei disciplinaria paramilitar que nos impide case todo. Somos traballadores coma calquera coa única diferenza de que facémo-lo noso traballo en condicións infrahumanas. Resulta lóxico que se nos atenda cando fagámo-lo convenio».

En resume, pódense tirar unhas cantas conclusións do conflito. A primeira é que foi algo verdadeiramente complexo no que interviñeron e se cruzaron tanto intereses de orde político coma laboral e social. Como dixo a TEIMA un portavoz do SPG, plantexábase a cuestión pra Galicia en termos dramáticos pola importancia que ten aquí a actividade pesqueira (o 38 por cento das capturas estatais). Por outra banda, destaca unha indubtable queima entre os mariñeiros que, en moitos casos, saíron decepcionados do conflito. A falta de experiencia nas discusións assemblearias, o baixo nivel organizativo mostrado polos sindicatos, actitudes aventureiras, maximalistas e mesmo oportunistas que se fixeron notar nalgún caso e a propia complexidade do conflito facultaron esta queima sindical.

ALGUNHAS CONCLUSIONS

Pola información recollida durante a folga por esta revista pódense facer algunhas críticas concretas ás diversas centrais. A UGT, aínda practicando unha postura basicamente correcta, pecou nos seus plantexamentos de «internacionalismo» que non lle deixou valorar especificamente a situación do porto coruñés. O SGTM practicou unha política maximalista e mesmo oportunista nalgún intre do conflito que rematou por quitarlle a última hora a incidencia que podía ter na Coruña neste caso. CCMM e o SLMM fixeron a súa guerra sen importarlles demasiado o que se cocía no porto. Cando pensaron que eles sós podían negociar en Madrid co Goberno, viaxaron pola súa conta e, cando non, non lles importou presentarse dun xeito que tivo abondo de irresponsable e que defire da práctica que mantivo durante o conflito este sindicato en Vigo, onde encarrilou a meirande parte da folga. Tanto eles coma o SGTM simplificaron o conflito —demagógicamente case sempre— tratando de facer ver que a solución dependía unicamente do Goberno español e ocultando os perigos reais que

había de que se produciran desenrolamentos e sancións ou o feito de que outros portos do Cantábrico (Euzkadi) xa volveran ó mar.

Pola súa parte, o SPG tivo tamén os seus erros. O principal, quizais, o de deixar come-lo terreo por outras forzas que máis tarde lle volveron os hombriros. Se era certo, como din os seus promotores, que son os que máis afiliados teñen, non se explica doadamente o que lles pasou concretamente o luns 25, que despois de protagonizar boa parte de negociación cos armadores foiselles das mans o acordo na assemblea celebrada inmediatamente. Unha acusación certa pode se-la de que este sindicato viviu máis preocupado por medrar —e pra iso gozou efectivamente de certas ventaxas que non tiveron outros— ca de aplicar ó conflito unha estratexia concreta e definida en cada momento.

Pola parte dos armadores, a conclusión é que pasa o de sempre. O capitalista sempre é quen máis xoga. Iso dino os da Alúmina que ameazan agora con emigrar pra Asturias, os da nuclear que nos fan ver que gracias eles o mundo non vai finir por falta de enerxía e quen sexa. E dino, se cadra con bastante máis razón non obstante, os armadores coruñeses. O caso é que se esquence mentres tanto a vida —dura vida— dos mariñeiros que traballan pra eles e que tamén teñen dereito a decir que existen malia todo.

Finalmente, pola parte mariñeira, a conclusión aparece tamén clara. O traballador do mar está desunido pola propia forma do seu traballo. Explotado por unha patronal que se aproveita sempre que pode da súa desunión e enfrendado a unha crise xeral da pesca. Os mariñeiros son vítimas das condicións laborais (traballar a soldo ou á parte, porcentaxes sobre as vendas, condicións especiais pra patróns e pra algún outro embarcado, disciplina case militar, etc.) que dificultan a súa toma de conciencia. Practicamente, nunca está toda a frota no porto que non sexan os cinco ou seis días que pasa polo Nadal e isto é unha das claves pra organiza-la súa defensa.

¿Que pode pasar despois de todo isto? As fontes consultadas por TEIMA durante a folga apuntan cara á necesidade de que se faga, no caso concreto dos caldeiros comunitarios, unha presión conxunta sobre o Goberno. Parece urxente que se recoñezan delegados assemblearios de cada porto pra participar coordinadamente nas negociacións do futuro. Por agora triunfou a opinión de que a presión hai que facela dende varios frentes e un deles é cos barcos seguindo a faenar no Gran Sol.



acordada á mañá. Por outro, SGTM, CCMM e o SLMM eran partidarios de proseguí-la folga e agardar medidas do Goberno. Goberno que, por certo, non contestou en ningún intre ás aspiracións dos mariñeiros da Coruña pois nin siquera respondeu Presidencia ó telegrama que lle puxeron os traballadores. En vista de que non había posibilidade de unión, SPG e UGT decidiron continua-la negociación pola súa parte e non responsabilizárense do que podía pasar en vistas da situación. O SGTM acusounos de inmediato de traicionar ós traballadores e rematou o luns con máis barcos no mar e máis confusión en terra.

gociamos cos armadores nas condicións pactadas onte». Esta si que era boa, acabábase por darlle-la razón ó SPG e á UGT que nin tán siquera a agardaban xa. Os barcos, en definitiva, volvían ó Gran Sol e quedaba en auga de borralla unha cacaraxada folga xeral marítima da que faláron os de CCMM que desapareceron do mapa tan axiña como viron o resultado final.

Resultado que non foi, despois de todo, totalmente negativo. Os mariñeiros volveron ó Gran Sol cunhas conquistas mínimas como son o que se lles pague ás súas familias un salario pactado en caso de apresamentos e a posta en marcha de negociacións que es-

Realmente, é un pouco sospeitoso, como sinala Xavier Alcalá, TEI-MA 34, o feito de que na meirande parte de Galicia non se escoiten mais cás formas castelás correspondentes pra denominar ós días da semana; é tamén certo que na fala da xente de mediana idade existiron hastra hai moi pouco as formas con *feira* como única denominación prós mesmos, e que estas aínda viven na fala dos mais vellos nunha zona moi ampla de Galicia; non o é, en cambio, que as formas *mércores, xoves, venres* as variantes respectivas sexan unha mera galeguización do castelán *miércoles, jueves, viernes*.

En todo o territorio que abarcou no seu tempo o latín existiron as formas cos nomes pagáns, (MERCURIUS DIES, día de Mercurio, deus *mércores* en galego, IOVIS DIES, día de Xúpiter, deus *xoves*, etc.), pro seguindo a práctica dos hebreos, que os numeraban a partir do SABBATUM, os cristiáns empezaron a lles dar unha denominación non pagá a este xeito, pro partindo do día da resurrección de Cristo, DIES DOMINICUS, día do Señor, que era *prima feira*, entendendo por *feira* día de descanso. Esta práctica documéntase por primeira vez no 202

Sobre os días da semana

CHARO ALVAREZ - F.F. REI

d. Cr., e seguramente existiu en mais linguas, anque hoxe só se conserva en portugués e en parte do galego. A imposición eiqüí débese a San Martiño Dumiense, s. VI, e alcanzou ás dióceses mais directamente relacionadas con Braga, pro non necesariamente a tódalas que entón tiñan xurisdicción sobre o territorio galego.

Por falta de tempo e espacio non podemos estudar agora a situación eclesiástica do momento, pro nos datos recolleitos polo ILG advírtese a ausencia das *feiras*, en liñas xerais, no que hoxe é de Mondoñedo, Oviedo, Astorga, Zamora e gran parte de Lugo. E curioso que case non se atopan en sitio ningún as *segundas e terzas, terciás ou terceiras feiras*, e que a forma *luns* (*lus, lluis, luis*) non estea en castelán; e non hai que pensar nunha galeguización por analogía, senón nun proceso histórico normal.

Hai que decir que a imposición das *feiras* non tivo por qué esmagar totalmente ás formas primitivas, que puideron ter tamén uso, anque mais restrinxido, e que aparecen en documentos occidentais, nos Cancioneiros, nas Cántigas de Santa María e na General Estoria, non escritos no galego mais oriental que non era irradiador de cultura; e tamén que mais alá dos límites da diocese puideron penetra-las formas occidentais. Na Costa da Morte, que por periférica e moi conservadora, recollémo-las formas *vernes e mércoles*, e non por galeguización do castelán, que o pobo non ten eses prexuízos lingüísticos.

Na Galicia oriental, fóra do dominio das *feiras*, recóllese as formas *lus* (*lluis ou luis*), *martes, mércoles e mércores* (ó lado dalgún *corta feira*) *xoves e venres* (ou *vernes*) e tamén as formas castelás, pro totalmente secundarias e cun-

ha frecuencia de uso mínima. Eiqüí, ó ter unha forma galega parecida ó castelá é mais fácil a súa pervivencia; na outra zona, ó morre-las *feiras* polo bombardeo eclesiástico e oficialista dos *jueves, viernes*, etc., vense obrigados a cambiar de denominación e abraza-las formas castelás tal e como lles chegan.

Hai que decir que os resultados *mércores e venres son os etimolóxicos* (de MERCURIUS e VENERIS), sen a disimulación e a metátese que respectivamente presentan *mércoles e vernes* e as solucións castelás, a evolución nestas últimas formas galegas pode ser unha evolución autóctona paralela á do castelán, ou influencia deste sobre os nosos resultados.

Por isto, pareceu que a denominación dos días da semana debía fixarse deste xeito: *luns ou segunda feira; martes ou terza feira; mércores ou cuarta feira; xoves ou quinta feira; venres ou sexta feira; sábado e domingo*.

Non se trata, pois, como moitos puideran pensar, dunha simple aproximación ó portugués, nin de galeguización do castelán, nin de lucubracións dos cultistas. E nada máis que un respecto á nosa fala e á nosa tradición.

Moitas personas lembran que durante a guerra do Vietnam, os soldados americanos, podían enviar ó seu país o seu «semen» debidamente transportado, pra inseminar de maneira artificial ás súas respectivas mulleres. As dificultades desta chamémoslle orixinal operación a nivel científico-técnico estaban resoltas perfectamente, non así os problemas a nivel moral ou xurídico.

O caso dos soldados americanos cae dentro do matrimonio e constitúe a chamada «inseminación artificial homóloga», ó procede-lo semen ou esperma do home da muller inseminada.

Este mesmo tipo de inseminación artificial homóloga pode, dende o punto de vista médico, estar indicado en casos de infertilidade relativa tanto do home coma da muller.

As leis do Estado Español en relación á «inseminación artificial homóloga», non falan nin de permiso nin de prohibición, polo que aforisticamente, podemos supór que o que non está prohibido está permitido. Pola banda da igrexa católica, no ano 1887, prohibe «in genere» a inseminación artificial. Esta lei sería máis tarde atenuada polo Papa Pío XII (1949), aprobando a «axuda médica pra transferen-

SEXUALIDADE

Inseminación artificial humana

CIPRIANO L. JIMENEZ

cia do semen, despois de realiza-lo acto sexual normal entre o home e a muller». A inseminación artificial, fóra do matrimonio, consideróuna a igrexa como «absolutamente inmoral». Non embargantes, a moral católica no momento presente considera admisíbel a inseminación artificial homóloga dentro do matrimonio, «se o procedemento pra realizala non é por si mesmo peccaminoso».

Cando o donante do esperma non é o marido estamos diante da «inseminación artificial heteróloga». Dende o punto de vista médico, neste caso, as indicacións poden ser: esterilidade masculina absoluta, incompatibilidades ó factor Rh, enfermidades hereditarias do home, etc. etc. Os problemas e dificultades de tipo moral, relixioso, psicolóxico e legal, na inseminación artificial heteróloga, son complexas e as consecuencias, sobre todo a nivel xurídico, poden variar considerábelmente duns países ós outros. O criterio estritamente medicoterapéutico coidará de que

o donante de esperma non teña ningunha enfermidade transmisible nin tara xenética detectábel. O donante deberá, esar libre de enfermidades tais coma: sífilis, blenorrias, tuberculose, etc. principalmente.

Outras consideracións referidas p. ex. a de se o donante debería telo mesmo grupo étnico, ou parecerse ó home da muller inseminada, non terían importancia dende o punto de vista médico.

Na «inseminación artificial heteróloga», cando menos cinco persoas, atópanse implicadas: a muller-nai, o marido, o fillo, o donante e o médico. Un dos problemas, lóxicamente, máis importante é ó xurídico, a nivel de saber se o fillo é ou non lexítimo. Algúns médicos-xinecólogos mesturan co esperma do donante o do marido, pra que polo menos exista a dúbida respecto á paternidade «biolóxica».

No Estado Español as leis en relación á «inseminación artificial heteróloga», recoñecerían a lexitimidade do fillo dentro do matrimonio, («patris is est quem iustae nuptiae

demonstrant») non embargantes, tal presunción pode admitir proba en contrario, impugnando a lexitimidade do fillo nacido por inseminación artificial heteróloga, pois só sería lexítimo o «fecundado segundo lei». A impugnación da lexitimidade pode levar consigo unha acción e condena por adulterio na esfera penal, así como graves problemas de dereito sucesorio. A postura relixiosa en relación á I.A. Heteróloga é francamente hostil.

A nivel de transplantes de «óvulos», fecundados ou non, dun ovario feminino a outro, a problemática é aínda moito máis complicada. Pode suceder p. ex. a) que o óvulo xa fecundado sexa transplantado dunha muller a outra e b) que o óvulo aínda sen fecundar, sexa transplantado pra súa fecundación natural ou artificial no ovario de destino. A crise de «identificación» maternal a nivel teórico plantexaríase sobre quen sería realmente a nai do futuro neno, se a que pon o óvulo, ou a que presta a matriz. Os problemas de orde moral (familiar), son aquí máis importantes cós xurídicos. De calquera maneira, considérase a nivel xurídico que a maternidade non é función do óvulo transplantado, senón do feito do parto, polo que non admite proba en contrario (o fillo segue ó ventre ou á nai).

Os «outros galegos» na futura patria galega

X.A. GACIÑO

«A miña terra está alí onde traballo e vivo», acostuma a decir meu pai, cando se lle quere arrincar un sentimento, un recordo, cara á súa terra de orixe.

Certamente, Galicia non ten moito que ofrecer ós seus fillos, ós que obrigou a procura-la súa supervivencia lonxe dela, aínda que a culpa non fora súa (as patrias non teñen culpa nin siquiera das súas propias limitacións físicas, canto mais das defeitas que fixeron determinados homes sobor delas). Comprendo perfectamente a meu pai, que, pola súa maneira de ser e de traballar, podería ter sido un stajnovista perfecto nunha patria calquera, fora burguesa ou de ditadura do proletariado. Quizais o que fai meu pai, ó non querer reivindicar a súa patria de orixe sexa ximplemente disfrazalo coñecido complexo do emigrante que non fixo fortuna e sente receo de volver coas mans valeiras, porque meu pai só fiou nas forzas do seu traballo, pra saír adiante, e o traballo, de seu, só fai medra-las fortunas dos demais, dos que explotan.

A historia do meu pai é simplemente o punto de arrincamento destas liñas, que tratan de ser unha reflexión en voz alta sobor dos galegos desarraigados, dos seus fillos apátridas que vagan polo mundo —e, ás veces, pola mesma Galicia—, e, de xeito indirecto, daqueles que rematan ou empezan, na nosa terra, da mesma maneira que os galegos errantes rematan, ou empezan, por outras terras. ¿Qué teñen que ver estes homes co sentimento nacional que estamos a configurar?

Penso que os galegos desarraigados, polo mundo adiante, son mais dos que o mito da morriña pode facernos crer, e non só os ambiciosos «Pacos Pixiñas» dos países dos ananos, senón incluso os que mantiveron a súa digna condición de traballador explotado e que, nalgúns casos, incluso se incorporaron á dinámica de loita da comunidade onde traballan e viven. A súa volta, non obstante, non lles plantexaría problemas de integración. O caso dos seus fillos xa ten outros matices: os que volven —consciente-

mente ou por casualidade— á terra dos seus pais volven con certo xeito de desarreigo xeral. Na súa terra de nacemento padeceron, nalgúns casos, marxinação, prexuícios, incluso maneiras mais ou menos visibles de racismo, mentres que aquí só atopan os recordos dos seus pais, a confirmación dunhas inxusticias seculares, pro difícilmente as súas propias raigames persoais.

En canto ós inmigrados nesta Galicia fundamentalmente emigrante, non existen aquí esas comunidades fortes que poden atoparse en Catalunya ou en Euskadi,

cun certo grado de privilexio, cando non de verdadeiros axentes—as mais das veces inconscientes— do colonialismo.

Uns e outros asisten ó rexurdimento difícil e confuso do nacionalismo galego, diante do cal terán que se definir, se non queren aliñarse definitivamente no bando dos opresores, dos cómplices ou dos nefastos indiferentes, ou se non queren, simplemente, marcharse.

Naturalmente, os emigrantes teñen o seu posto nesa patria prometida que, entre todos e coas dificultades de todos coñecidas, trata-

«Entesa dels Cataláns»—, a decisión é súa. Penso que non debe haber ningún problema pra súa integración na comunidade galega. Non o hai, polo menos, por parte dos galegos. Falta saber se o teñen eles, e se queren axudar á construción desa futura patria. A idea penso que é suxestiva, porque en Galicia non estamos só a reivindicar toda unha anterga cultura popular, asoballada polo colonialismo, senón que reivindicamos —e penso é o mais importante— o dereito a que tódolos que estamos aquí poñamos facer unha nova terra por

XURXO LOBATO



CELSE EMILIO, CARME SANTOS, XOSE FORTES E X.A. GACIÑO ORADORES DO ACTO UNITARIO DO 25 DE XULLO

e que teñen un papel importante que xogar na configuración desas nacionalidades. Atopamos aquí traballadores de alta especialización, funcionarios públicos ou profesionais, moitos deles trasladados temporalmente ou adxudicados polo sorteo das oposicións, da mesma maneira que funcionarios ou profesionais galegos prestan os seus servizos noutras terras. Xa que logo, trátanse de traballadores

mos de levantar. En boa medida, esa futura patria ceibe e solidaria, está pensándose en función deles, da súa volta, unha volta que tamén pode se-la dos seus fillos, emigrantes tamén en definitiva.

En canto ós outros, —que non sei se chegarán á categoría dos «outros galegos», como os xarnegos chegaron á categoría de «altes cataláns», ate o punto de que un deles é senador pola candidatura

nós mesmos, reivindicámola posibilidade de poñer a toda unha comunidade de homes ceibes a camiñar en liberdade e en solidariedade. A ese proxecto poden sumarse os que entendan que escollendo Galicia como lugar de traballo, o seu destino debe estar ligado ó destino das clases populares —que son as que, obxectivamente, poden reivindicar esa patria galega—, e non ó das clases dominantes.



Seminarios: Unha Institución en ruínas

«Queren facer de nós uns seres extraños pra unha Igrexa contestada e inútil. Nós quixeramos ser uns verdadeiros irmáns dos cristiáns e uns amigos prós galegos pra conquistar con todos unha nova Galicia» (os 32 seminaristas de Santiago, 1977)

ALFONSO MAGARIÑOS

Os Seminarios están sendo unha das institucións clericais nas que incidiu con maior forza a crise da Igrexa posconciliar: algúns pecharon; os máis deles levan anos pouco menos que valdeiros, sen que se perciban síntomas de que a situación poida cambiar a curto prazo. Con elo a pervivencia da *Igrexa tradicional* vese ameazada, ó falarlle as bases de reposición do persoal.

Na historia recente da crise dos Seminarios galegos mistúranse os factores específicos de Galicia e os comúns da Igrexa española, engadíndose a todos eles os erros das autoridades xerárquicas, académicas e educativas. Os Seminarios teñen sido institucións absolutamente totalitarias, nas que se facía coincidir e controlábase minuciosamente ó mesmo tempo a vida relixiosa, a académica e a simple existencia humana.

A experiencia de Lugo

Posiblemente foi o Seminario de Lugo o que coñeceu unha historia máis accidentada. En abril de 1968 os alumnos procederon a unha «folga de silencio», como reacción á negativa do bispo a tomar en consideración algunhas propostas de cambio. Este radicalismo inesperado moveu ós superiores a tolerar a situación e facer propostas. Pero o intento rematou mal: os «espías» dos superiores informaron da radi-

calidade con que se elevaban as xuntanzas e estas foron suspendidas. Pouco despois dous alumnos eran expulsados, acusados de proferir injurias contra os superiores e recibir propaganda subversiva. Setenta e tres cregos da diócese denunciaron nunha carta o sistema represivo en vigor no Seminario, a que se adheriron os once teólogos que estudiaban en Salamanca. A pequena liberdade existente desapareceu do Seminario e o bispo prohibiu ós cregos xuntarse pra estudia-lo problema. No vran de aquel ano abandonaron o Seminario boa parte dos alumnos, xeralmente os máis capacitados e inquedaos.

O curso 1971-2 sería especialmente crítico. O morrelo rector, tanto os estudantes coma os profesores mostraron interese en participar na elección do sucesor. O bispo concedeu un prazo de 15 días pra recibir suxerencias, pro o nomeamento apareceu no boletín do bispado antes de expira-lo tempo previsto. No segundo trimestre do curso, o formador dos teólogos promoveu un estudio da situación. Naquelas xuntanzas decidiuse a división da sección de teoloxía en pequenos grupos libremente constituídos, a liberdade pra que tales grupos puideran vivir dentro ou fóra do Seminario, a intervención dos propios alumnos na programación e desenrolo da súa formación e a interrupción dos estudos pra favorecer a maduración persoal e realizar estudos civís. Estas conclu-

sións, aprobadas por unanimidade case absoluta, non obtiveron a confianza do bispo e do rector, e xamais puideron ser levadas a práctica aquelas que precisaban do seu consentimento ou da concesión de medios prá súa realización. Os grupos constituídos no exterior —un deles trasladouse a Madrid— fracasaron. No curso 1975-6 o proceso de disgregación do Seminario parecía xa irreversible.

Seminarios modelos e «Opus»

O Seminario de Mondoñedo seguiu un camiño menos traumático e conflitivo, anque non menos dinámico. Ante a demanda dos seminaristas de contar cunha formación máis en consonancia cos tempos, o bispo abriu, no curso 1967-8, unha residencia en Salamanca, prás seccións de Filosofías e Teoloxía, ó decatarse monseñor Argaya Goicoechea que a idea do Centro Rexional de Estudos a crise numérica de seminaristas seguía agravándose e os abandonos fixéronse mesmo máis numerosos. O colexio de Salamanca foi pechado en 1970.

En Santiago, a crise máis fonda produciuse en 1971, cando os alumnos levaron a cabo unha folga xeral, esixindo unha revisión a fondo da situación. Resultando daquela reflexión comunitaria foi o cese de varios profesores, o cambio par-

cial do equipo directivo, a elaboración de novos estatutos e a separación do Centro de Estudos e de Formación. Quizais esta derradeira



decisión foi o logro máis importante cara ó futuro do Seminario compostelán e mesmo dos demais galegos.

Os Seminarios de Vigo e Ourense seguiron un camiño nidiamente distinto dos anteriores. Conducido por membros do Opus Dei, o primeiro deles só tardiamente comenzo a experimentar os traumas da crise posconciliar. O número de alumnos mantívose estable e conservouse íntegramente a disciplina tradicional. O cambio de equipo di-

sucede no país

rectivo por dúas veces —do que o Opus Dei foi lentamente excluído— fixo que a situación do Seminario vigués se asemelle hoxe moito a dos demais de Galicia, con tódalas súas ventaxas e inconvenientes: millorou o nivel académico e o plan de estudos, hai un clima de liberdade, meirande pro o alumnado descende continuamente. O Seminario de Ourense, á súa vez, segue os mesmos vieiros có de Vigo, anque inverso, nas súas etapas. Aberto no período posconciliar ás correntes renovadoras, as posicións reaccionarias quedaron confirmadas en 1970, coa entrada dun representante do Opus Dei, en calidade de director espiritual. Actualmente pasa por se-lo «Seminario modelo» de Galicia polo seu talante estático e impermeable ós cambios.

relixiosas. E sabido que nos tempos máis fondos do nacionalcatolicismo, non menos de medio cento de cregos se ordenaban anualmente en Santiago, véndose superada esta cifra nalgunha decena con relativa frecuencia.

Os datos sobre a evolución do número de seminaristas —Filosofía e Teoloxía— do decenio 1965-75 permiten facerse unha idea de relevancia da «crise das vocacións sacerdotais». No seminario de Lugo baixaron de 197 seminaristas (65) a 15 (75); en Mondoñedo-Ferrol, de 87 a 3; en Santiago, de 195 a 37; en Tui-Vigo, de 70 a 20; en Ourense, de 120 (68) a 49.

A crise dos Seminarios Maiores de Galicia esperase poder paliar coa prometedor situación dos Seminarios Menores, onde o número

As causas

Esta crise dos seminarios non é máis ca un reflexo da crise xeral da igrexa postconciliar, atrapada na incoherencia —en moitos casos— entre principios e práctica. No fondo, pasa que a institución segue sendo fundamentalmente xerárquica, dogmática, espiritualista e conservadora. Esta situación resulta máis grave no caso de España, onde a igrexa xogou un papel político determinante e absolutamente reaccionario no último medio século —polo menos, dende a República—, véndose, en consecuencia, relegada a unha posición secundaria ó normalizarse a situación política. «A Igrexa perdeu credibilidade —tense afirmado ben de veces— e

nais. Aspectos desta crise de vocacións son a *indefinición do rol do sacerdote*, cuestionado polo secularismo cultural e polas novas correntes teolóxicas. Outro aspecto traumatizante é a súa *marginabilidade social*, consecuencia da súa educación separada e do seu «modus vivendi» aberrante. Dentro deste punto é preciso sinalalo celibato obrigatorio, tema pouco menos que tabú e no que non se pode prever cambio sustancial ningún, tendo en conta a sacralización de que foi obxecto.

Tampouco se pode separar a crise dos seminarios das especiais circunstancias que se dan na terra galega, país fundamentalmente agrícola, no que a clerecía funcionou como canle de promoción social e económica prás familias humildes —as ricas mandaban ós seus primoxénitos a estudar na universidade, que era máis cara—. Pola contra hoxe a carreira eclesiástica non aporta prestixios nin privilexios. Por riba, a mocidade experimentou novos valores e oportunidades e comprobou que o modo de vida dos cregos non é un modelo válido pra eles.

O futuro

Cara ó porvir a situación é moi confusa: dos tres centros existentes, os de Ourense e Vigo viven nunha desesperada pechazón, no illamento cultural e cunha manifesta inadaptación ó mundo real. Do de Santiago saíu unha proposta —aceptada polos pensadores máis críticos— que era a do peche dos seminarios «pra lograr urxentemente un Centro Galego de Ciencias Relixiosas, que tivera altura científica e respondera á situación da igrexa galega». Esta proposta dos seminaristas dependía, prá súa realización, dos bispos, ós que (entre os que se opoñían, os que se desentendían e os que colocaban antes que nada as dificultades), deron toda a impresión de estar a entonalo réquiem por algo que nin siquiera deixaron nacer.



A CRISE DOS SEMINARIOS NON É MAIS CA OUTRA CARA DA VELLA IGREXA, DESAXUSTADA DO MUNDO NO QUE VIVE

Os datos

Sen dúbida o síntoma máis visible da crise dos Seminarios en Galicia é o descenso galopante do número de alumnos a partires dos anos 1966-8. Agás períodos excepcionais, Galicia foi sempre fecunda en vocacións sacerdotais e

de alumnos veuse xeralmente incrementado dos anos 60 hastra ós primeiros do 70.. Pro de 72 pra adiante empeza a verse con certo pesimismo o futuro dos Seminarios Menores, a pesares da súa dobre condición recoñecida de colexios eclesiásticos e civís. Un crego vinculado ó Seminario de Lugo mostraba o seu escepticismo sobre o éxito inicial deste tipo de institucións na etapa posconciliar.

capacidade de convocatoria en amplísimos sectores da intelectualidade, mocidade e mundo obreiro».

En segundo lugar, a crise dos seminarios garda unha relación estreita, cáseque mecánica, coa problemática do crego. Este é hoxe un home presa de turbación, da anguria psicolóxica: sobre el acumúlanse problemas e interrogantes, mentres que as respostas se constrúen sobre os principios máis tradicio-

VILASO

ENTRE IGNORANCIA E CACIADAS,
O XUME DO GANDO NON É PROS LABREGOS

Est

Polo ano 1971, Manuel Corzo, nunha reunión cos labregos da bisbarra de Arzúa, plantexou a posibilidade de crear unha granxa de vacas. Tais argumentos e verbas utilizou que mesmo parecía que íase explotar unha mina de ouro e non unha granxa. Falou de que o goberno podía conceder un creto de 400 millóns de pesetas e unha subvención de oitenta, cousas as dúas axiña descartadas. «Polas dificultades que nos poñían pro creto —dí Corzo— enfrentáramonos, dende as páxinas da prensa, co entón ministro de Agricultura, Tomás Allende».

Fora da propia rentabilidade, os fins que se perseguían —e persiguen, segundo os promotores— eran os de convertirla granxa de San Martiño de Calvos nunha explotación piloto, espello e exemplo das da bisbarra; que promovera industrias de transformación de produtos gandeiros e que, en consecuencia, creara postos de traballo. «Outra razón que xustificaba a granxa era a incapacidade económica dos labregos pra facer daquela toxeira unha explotación moderna», engadiu Corzo Diéguez.

DUAS DENENCIAS

Os homes do GAPER (Gandeiros Asociados pra Promoción de Explotacións Racionais), xunto cos caciques locais, puxeron mans á tarefa de convencer os labregos pra que se fixeran socios ou venderan as terras. Propuxeron ós homes que tiñan monte na Tranca que o aportasen, pra, así, pasaren a ser socios da sociedade. Os que non tiñan interese nesta opción, propuxeron a compra das terras ou o cambio por monte noutros lugares.

O monte tasárono a mil pesetas-ferrado: os que venderon cobraron os seus cartos e os que se fixeron socios pasaron a ser accionistas con tantas accións coma ferrados

sucedeno país

Os homes de Graper-son en Arzúa

a sí que é boa!

Manuel Corzo Diéguez presidente do grupo sindical Gandeiros Asociados prá Promoción de Explotacións Racionais, é un vello amigo desta revista. Co informe «Os chamullos do Centro» quixemos deixar tranquilos por unha tempada ós homes que —como il, mais ou menos vencellados a Unión do Centro Democrático— representan a moderna burguesía galega que, entre celulosas —especulación urbanística— industrialización do agro, levan unha marcha ascendente imparabile.

Pró, xa se ve que a pesares da nosa boa vontade, non hai nada que facer. O traballo de *David Formoso* analiza os problemas que caeron enriba dos propietarios do monte da Tranca, parroquia de San Martiño de Calvos-Arzúa, dende que hai tres anos Corzo Diéguez convencéunos pra montar unha granxa modelo.

tiñan. E aquí, precisamente, onde nacen as manipulacións que denuncian os veciños.

«Cando empezou a granxa, alá polo 72, formouse un capital social duns 29 millóns de pesetas, establecéndose os porcentaxes de participación de cada socio, anque os cartos non se desembolsaron no momento. Somentes os labregos aportamos, dende o primeiro momento, capital, polo que os do GAPER deron nos intereses do catro por cen, hastra que non escomezou a roturación da finca, no 1974».

Dúas deducións sácanse destes datos: *primeira*, que mentres os labregos invertiron capital no ano 72, os socios que entraron con diñeiro fóronno desembolsando pouco a pouco. A ventaxa en favor destes últimos é evidente: os cartos dos paisanos tiñan no ano da entrega un poder adquisitivo bastante mais alto que o de hoxendía; por riba, cos cartos non desembolsados poden estar negociando noutra cousa, sen que varíe o seu porcentaxe de participación na granxa. *Segunda*: os labregos, ó aportar terras no 72, en realidade o que fixeron foi vendelas, xa que non se revalorizaron hastra que, dous anos despois, empezou a inversión de capital líquido; únicamente percibiron intereses do catro por cento. De todo isto nin que falar ten que os veciños non se enteraron nin de casualidade. Por se fora pouco, aínda tiveron que paga-la contribución das terras que aportaron.

Cuestión, por certo, moi xugosa foi a da ampliación do capital, cando aquilo de querer montar unha granxa de 200 porcos. Xustificouse este proxecto «porque fai falla *purín* pra abona-las praderas, xa que compralo e transportalo resulta moi costoso», proxecto que se aprobou na xunta xeral de socios celebrada o pasado trinta de xuño en Arzúa. Sen que ninguén se decatara aquí salíu unha nova ventaxa —outra máis— prós de GAPER: o artigo nove do estatuto de «GAPER-Arzúa-Boimorto» (tal é o nome da sociedade que está a explotala granxa) establece que todo socio que aporte terras non poderá aportar mais nada. De tal xeito, os promotores poden invertir pesetas de 1976, variando o porcentaxe de participación ó seu favor. Posibilidade que non foi negada por un home dos *gandeiros asociados* que se limitou a dicir que «ó mellor» estudarían o modo de que os labregos non saíran perxudicados.

ARTIMAÑAS O DESCUBERTO

Sendo así as cousas, xurde de inmediato a pregunta: ¿cómo lograron embarcar nesta empresa e nestas condicións ós paisanos?. Tal cousa só se pode explicar pola influencia decisiva de dous factores: ignorancia e cacicadas.

Utilizou GAPER os argumentos mais insospitados pra convencer ós labregos pra que se fixeran so-

cios. Así, por exemplo, en Sendelle ían decindo que *fulano* xa lles firmara, cando tal cousa non era certo, co que os mais reticentes en firmar deron o seu brazo a torcer vendo que os veciños mais espabilados xa pactaran. Prometían, tamén, luz eléctrica e postos de traballo nas granxas, nas fábricas de piensos e nas industrias de transformación, promesas que aínda non son realidade. Influencia decisiva foi o traballo dos caciques locais.

«Aquí quen nos meteu no conto —recoñecen os mesmos veciños— foi Pepito (Xosé García, alcalde de Boimorto naquel entón). Eu, se non fora por él, non firmaba. Dixo que ía ser unha granxa pra todos. Foi como a forza».

«Fieime da palabra deles —engade outro paisano— porque coidéi que se trataba de deixa-lo monte pra unha granxa que sería de todos»

«Pois a mín —din noutra casa— chegoume carta dunha autoridade municipal na que aconsellan vende-las terras ou entrar de socio do GAPER, porque, senon, virían expropialo monte».

Outros veciños, que non dan un peso polos promotores da granxa, mostráronse reticentes á hora de falar, pois desconfiaban que fóramos aló pra lle coñece-las ideas. «Mira, millor calar, que detrás de GAPER debe haber xente moi gordada. Agora xa non podemos facer

nada porque o monte xa non é noso». Xustamente esta é unha das cousas que mais amolan os labregos-socios, que sempre coidaron que ían ser donos das súas terras e hoxe ven como, despois de face-la parcela, os títulos de propiedade veñen ó nome de GAPER».

DOS RESULTADOS, NADA

«Eu teño un amigo que invertiu cartos en *Quenosa* (fábrica de queixos de Melide, vencellado o GAPER) e hastra agora, por unas razóns e por outras, aínda non lle produciron un pataco. E isto vai se-lo mesmo».

Hoxe por hoxe ésta é das opinións mais xeralizadas entre os labregos-socios, que, cansos de ver como os seus montes nada producen, tampouco teñen moita confianza en que poidan producir beneficios. Por se esto fora pouco, a posibilidade da que falaba Corzo de crear unha granxa modelo na Tranca tampouco parece moi viable, xa que, segundo un inxeñeiro agrícola, nin se adapta o que tiña que ser unha explotación-tipo nesa bisbarra nin está no sitio mais axeitado pra ser demostrativa.

Os resultados finais están por ver. Os labregos non teñen miga de optimismo e aínda pensan que, se hai beneficios serán, de seguro, prós promotores. Os homes de GAPER din que «a experiencia aconsella irmos pouco a pouco», que «cando nos propuxamos, levaremo-lo a cabo nun prazo non moi grande». E aínda dín mais: «O único que se intenta é sacar Galicia adiante nun prazo non moi longo. E que estas granxas que imos fundando pasen o día que sexan rentables ás mans que nelas traballan». Pois nada, a ver se fan un favor á Patria e se dan un pouco de presa.

«El Corte Inglés» é o mais claro exemplo de gran capital comercial entrando a saco nas vilas importantes, á procura de atopar novas áreas prá súa actividade. Irrumpe, deste xeito, nun terreo que clasicamente usufrutuaba a pequena burguesía vilega —cos seus pequenos comercios familiares—, ou a burguesía media —con aqueles comercios clásicos das nosas vilas, nos que raro era tiveran mais de quince empregados—.

O traballo de **Xan Orxe** fala deste enfrentamento.

Vigo

«El Corte Inglés» contra todos



OS COMERCIANTES LAIANSE, OS CLIENTES TAMEN

As concentracións urbanas, froito do forte desenvolvemento industrial postbélico, trouxeron con elas grandes comercios populares nos que, as vendas masivas, permitían un abaratamento dos produtos. Mais adiante, xa na sociedade de consumo, o gran capitalismo lanzouse tamén, a reconquista dos centros urbanos, coa implantación de oficinas bancarias, a concentración de servizos e a instalación de pequenas boutiques, pra venda de produtos de «marca» e sofisticados, cuns prezos claramente altos.

FRENTE OS COMERCIANTES

Peculiaridade do «Corte Inglés» é que, por riba de non ter efecto abaratorador nos prezos, ó non se-lo xe-

nuino gran comercio dirixido a un público popular, vai utilizar unha certa imaxe de prestixio pra se apropiar, aínda, do consumo de «marca». Esta peculiaridade fixo moi difícil a resposta da burguesía media viguesa, propietaria de comercios. Tentouse atallar ó «Corte Inglés» coa creación da «Galería do Príncipe», canle proxectada pró consumo sofisticado, que, hoxe por hoxe, é inviable por causa da febre de «Corte Inglés» que hai no consumidor vigués.

A primeira repercusión socio-económica da implantación do «Corte» foi a aceleración da crise do pequeno comercio, aceleración que pode chegar á ruína no caso dos mais febles e a forte diminución dos ingresos nos que poidan soporta-la competencia. Esta situa-

ción faise tanto mais grave canto maior sexa a súa proximidade ó «Corte».

Neste intre vai xurdir un problema político: a resposta a dar polos pequenos comerciantes diante da agresión do gran capital. Unhas veces, escolleuse unha solución corporativista, con certas reminiscencias fascistas, que é a que representa o grupo *Cidunati* francés, cunha forza política nada desprezable e que aglutina ós pequenos comerciantes darredor dun programa defensivo ante o gran capital. Outra das actitudes que poden tomarlos pequenos comerciantes é buscar como aliados ó resto das clases traballadoras, pro nesta situación perderían forza e prestixio en favor da clase obreira, que asumiría o papel de vangarda.

FRENTE A TODOS

Un estudio a fondo dos costes sociais de iniciativas tipo «El Corte Inglés» amosa que, basicamente, non é a burguesía o único grupo senón que as súas consecuencias negativas abranguen a toda a sociedade. En primeiro lugar, trae tras de si a inmediata desaparición do uso das outras tendas xa existentes co que, no mellor dos casos, a forza de traballo deses establecementos, quedará subempregada e subpagada, ó traballar moi por baixo das súas posibilidades.

Hai que engadir, tamén, a perda que prós compradores supón a desaparición da tenda do lado: entre o tempo de desprazamento e os gastos de viaxe aumentan as razóns que farían innecesaria, se as vilas estiveran rexidas por outros intereses que non foran os do capital monopolista, a existencia dos «Corte Inglés» de calquera tipo.

Outro dos aspectos que a «voz populí» tratou dabondo foi o da utilización das ganancias do «Corte», de se a saída pra Madrid destes cartos non farían mais cousa que aumenta-la dependencia de Galicia. Anque, en principio, isto se deu por certo, é evidente que a resposta é un si pro un *si condicional*: o comercio vigués raramente reinvertía na industrialización da súa terra as ganancias que, ó traveso da banca, na meirande parte dos casos tamén xa ían parar fóra de Galicia. De tódolos xeitos é evidente que algunha parte desas ganancias quedaban aquí, invertidas pola burguesía media viguesa vencellada ó comercio.

Hai algo que na análise do «Corte Inglés» non se pode esquecer: trátase da introdución dun dato renovador, o da proletarización do sector, tradicionalmente minifundista. Aquelas relacións persoais de catro ou cinco traballadores co seu patrón, que case pasaba por amigo da familia, facían moi difícil a aparición dunha conciencia sindical. Hoxendía, as folgas que os traballadores do «Corte» levan feitas mostran que sempre pode haber un David con puntería disposto a tirarlle unha boa pedrada ó xigante Goliath, actitude ben mais preocupante pró gran capital que a resistencia de unllas e dentes coa que os comerciantes tentan evita-la súa desaparición.

A man de obra forzosamente malpocadiña que permitiu —salarios mínimos, xornadas máximas— o rápido arrequencimento dos industriais do Marrazo, comenza, segundo tódolos indicios, a despertar do seu longo

sono. As conserveiras «Massó» e os asteleiros «Ascón», dúas das mais fortes industrias da zona, son, agora mesmo, un ferveiro de conflitos. Desde Cangas, informa o corresponsal de TEIMA, X.A.P.

Morrazo: mallar nos obreiros

«Massó»: nin labor nin virtus

Nin caso da maxistratura

«Labor est virtus», rezan os latíns que presiden a entrada da factoría «Conservas Massó Hnos. S.A.», en Cangas, adicada ó envasado de peixe —túnidos, sobor de todo— e marisco. Catrocentos empregados (a maioría mulleres, como é tradicional neste tipo de industria) levan, a pesares do «labor...» famoso catro meses sen dar pancada, e non por gusto. Trátase dun grupo de traballadoras encadradas nesa curiosa categoría coñecida como «fixos-discontinuos» que tivo a súa orixe no verticalismo franquista.

O inminente conflito —hai un comité de representantes que tenta, sen éxito, negociar coa empresa— non sería, de producirse, o primeiro, anque sí o mais significativo, na devandita empresa. En efecto, canda o último enfrentamento patronal-traballadores en Galicia e no resto do Estado, a empresa «Massó» interpretou de forma mais ben curiosa as peticións de aumento lineal dos seus empregados. Das cinco mil pesetas que se lle solicitaban, foron concedidas tres mil e dúas mil mais en concepto de plus de asistencia. Con todo, ós patróns debeulles parecer un exceso a súa forzada *xenerosidade*, e froito último do seu disgusto sería este despido encuberto a que somete a catrocentas das traballadoras. Non se trata de ningunha regulación de emprego das moitas que se levan feito nos últimos meses co pretexto da crise económica. Pra ningún coñecedor do sector conserveiro é un secreto que «Massó», empresa

proprietaria de mais dunha fábrica na zona do Morrazo, é unha firma totalmente consolidada, cun grande prestixio e forza nos mercados europeos.

Hai alternativas, desde logo, pro totalmente inaceptables ó decir dos traballadores. «Massó» ofrece a entrada en nómina a 154 mulleres e 25 distribuídos en dous turnos: Non especifican os empresarios cales serían os criterios polos que se habería face-la selección sobre o total de catrocentos, pro pra ós eventuales despedidos non hai moitas dúbidas: a posible conflictividade de todos e cada un deles sería o factor decisivo.

Frente a todo este sombrío panorama, os traballadores afectados tratan de ofrecer respostas concretas ó través dun *comité de representantes* que agrupa a Comisións Obreiras, Sindicato Obreiro Galego e membros dalgunha outra central. Nunha recente assemblea á que asistiron afectados e familiares destes en número que se aproximaba ás quinientas persoas, acordóuse rexeita-la proposta da empresa e esixir, en troques, unha subida do 80 por cento sobor do presuposto das horas extras traballadas, asistencia sanitaria en condicións, e garantía de transporte prós turnos. Fíxose tamén unha contraproposta na que se solicitaba respecto ós dereitos adquiridos por tódolos «fixo-discontinuos».

Moi perto de Cangas, na localidade moañesa de Meira, un cambio de propiedade e dirección nos asteleiros «Ascón, S.A.» ameaza ter consecuencias igualmente desagradables prós traballadores. Téntase suprimir un dos turnos de traballo e algunhas contratas, mesmo contra sentencias en firme da Maxistratura do Traballo de Vigo.

Con dúas factorías —a de Meira, no Morrazo e a dos Rios, en Vigo—, estes asteleiros tiñan dous mil homes de plantilla e 700 nas contratas —limpeza a calderería eran os máis importantes destes choios—. A maior fonte de ingresos de «Ascón» viña da construción anual duns sete barcos —entre catro e seis tms. de tonelaxe—, destinados os mercados nacional e cubano; axudábase, tamén, facendo ferrys e contenedores, amais das reparacións dos barcos que fan o carro.

O conflito actual xa ven de vello, pois ten as súas raíces na política empresarial que levaban os primeiros donos, baseada en salarios ínfimos agrandados cos plus de produtividade, cousas as dúas que amparaba a lexislación de Rexime de Empresas Mínimas. Pra correxila produtividade da empresa, a señora viuda de Dávila tentou de facer dous turnos, ó que os obreiros negaronse, non tendo outro remedio os accionistas que aumentalo número da xente das contratas.

A entrada na dirección da empresa de Pérez Maura —dono de «Astilleros del Atlántico», en Santander —trouxo, amais da acentua-

ción das medidas disciplinarias, a supresión de catrocentos postos de traballo nas contratas. Esta decisión colleu na horta os obreiros —mais en Meira que en Rios— que nin assembleas fixeron nin recabaron, tampouco, a solidariedade dos traballadores de plantilla. De tódolos xeitos, a Maxistratura de Vigo botou unha man os obreiros eventuais, fallando positivamente as demandas hastra agora presentadas.

A pesares destes fallos xudiciais, non se da por rendida a empresa. Poucos días atrás mandaba unha carta persoal ós traballadores na que xustificaba a redución de plantilla como paso imprescindible pra salva-la empresa e defende-los postos de traballo dos outros mil quinientos obreiros. A carta, entre outras cousas, decía: «a necesidade de cambia-lo tipo de buque pesqueiro que viñámos construído —con moi poucas posibilidades de poder contratalos, dada a situación do mercado naval—, e finalmente, a orde administrativa pra pechar unha grada na factoría de Rios, fan que sexa preciso un expediente de regulación de emprego pra rematar cos contratos que nos unen con catrocentos de traballadores». Mais adiante a carta deixaba intuí-la fonda sorpresa dos directivos diante das reclamacións xudiciais dos despedidos, pra rematar decindo que, anque gañasen os xuícios non serían readmitidos. E aínda máis: cantos homes mandara Maxistratura readmitir tantos serían os homes que a empresa incluíría no expediente de crise.

¡Fíxolle bon favor a actuación dunha parella de gardas civís ó orde que queren manter! Uns imitadores dos *homes de Harrelson* que agrediron a dous mariñeiros no Porto do Son foron a causa dun xerme de autoorga-

nización popular e da posta en cuestión de certas autoridades.

XOSE MANUEL S. PEREIRO e PERFECTO CONDE estiveron alí e faláron coas partes interesadas.

No Porto do Son

A labazadas co per

Eran as 3,40 da mañán do domingo 31 de xullo no Porto do Son. As festas xa remataran e a xente íase, sen presas, prás casas. Emilio Queiruga Ricoy, armador, patrón e mariñeiro, falaba con tres amigos, sentado nun banco, cando se lle acercou unha parella de Garda Civil e «desabridamente», pediulle «la documentación». Emilio, sorprendido, respostou que, como ía saír ó mar ás seis, non a levaba enriba e ofrecéuse ía buscar á casa. Cando xa se erguía, chegou un irmán seu, Ramón, que vi a de revisa-lo barco e, confiado en que os coñecerían (viven a pouca distancia do cuartel), díxolle que non fora, que non facía falla.

Aquelo parece que esgotou a paciencia do «número» da Benemérita,

que, dispois de botarlle á man ó peito a Emilio, e pedir iste que o soltara, empezou a bater nel coas esposas, mentres o outro pegáballe a Ramón nas costas coa culata da pistola.

Todo isto diante de cincuenta ou sesenta personas que, impotentes, presenciaron tamén como na persecución de Emilio por parte dun «número», iste chegou a disparar tres tiros ó ar pra detelo. Segúntestigos, un garda civil de paisano participou na regueifa tamén, índose logo poñer o uniforme.

Os irmáns Queiruga non saíron do cuartel, onde foron tratados ben, hasta as tres da tarde do día seguinte, luns, dimpois de que medio pobo se presentara voluntario a declarar. Logo de facer un recoñe-

cimento médico (entre outras cousas, Ramón tiña unha moa rota) no Porto do Son e en Noia, presentaron denuncia no xuzgado desta última localidade.

Emilio e Ramón (30 e 32 anos respectivamente, casados e con oito fillos antre os dous) pertencentes a unha familia —a dos «Ansiosos»— de mariñeiros, nunca se meteron en líos; antes de se casaren, viviron a carón da casa-cuartel, e incluso un irmau seu tenlle alugada unha casa á Garca Civil.

«OS HOMES DE HARRELSON»

Pola contra, os gardas agresores forman parte dun grupo de catro que chegaron (do País Vasco, ó pa-

recer) fai cinco meses ó Son e en tan pouco tempo xa se ganaron o alcume de «os homes de Harrelson» pola súa brillante executoria: multas a oito, —que poñían de paisano ou de uniforme— por motivos que hastra entón, nunca foran pinibles (5.000 pesetas a un repartidor de bebidas, do PC, por levar a baldeira do camión baixa), ou que non o son (non ter posto o cinto de seguridade nunha estación de servíco). Ademáis de toda unha ringleira de malos tratos, dos que podería falar mais de un, antre eles un rapaz ó que lle sangraron as unllas dos culatazos recibidos nos pés. «Os homes de Harrelson» parece ser tamén que coidaban a imaxe, paseando polas rúas mais transitadas co fusil ó lombo, as pistolas aso-



PORTO DO SON: A GARDA CIVIL ENTRANDO A MAN ESQUERDA



sonal

P. CONDE

mando e un can «pastor alemán», propiedad dun deles, solto.

Con todo isto, non é raro que non tiveran relacións coa xente do Son, a pesares de ser asiduos visitantes de canta festa houberse polos arredores; festas nas que funcionaban a pleno rendimientto (114 multas nunha sóia).

A HORA DA AUTOORGANIZACION

Por todo isto, non é de extrañar que a resposta do pobo fora unánime e rápida. As cinco e media da tarde do luns decidiuse facer unha manifestación e uns carteles convocando ás nove nos Xardíns. A

hora e sitio indicados, mais de mil personas (o Porto do Son ven tendo sobre 2.700 habitantes) puxéronse en marcha en dirección á casa-cuartel da Garda Civil, berrando «orden sí, abusos non» e «non ós abusos da autoridade». Chegados alí, uns trescentos arrodeárono, mentres os demáis permanecían á expectativa. As portas e fiestras estaban pechadas a cal e canto, e a aparición dun fusil nunha delas foi recibida con berros e asubíos. Así as cousas, destacáronse dous veciños pra lle entregar un escrito ó comandante do posto, pro o teniente —que ó parecer pertencía a Ribeira e non ó Son— que saíu á porta respostou que non recibiría nada mentres a manifestación non se disolvese.

A vista desta negativa, os manifestantes dirixíronse á casa do alcalde, Manuel Lestón (parece ser está vencellado a Alianza Popular), que non saíu «*todo aquilo que non responde ós intereses do pobo do Son*» —berrou un home, emigrante en Alemaña— *non ten dereito ó cargo*.

Como no Axuntamento tampouco había ninguén, o seguinte obxectivo foia casa de Fernández Calviño, senador electo pola UCD e que, según a muller, estaba en Madrid. Esgotadas logo tódalas posibilidades de dialogar con algún dos chamados representantes do pobo, a xente do Son volvéu ó cuartel.

Iste permaneceu xordo outra vez ás peticións populares de xusticia.

Diante do desentendemento das «forzas vivas», os manifestantes constituíronse en asamblea, decidindo disolverse.

O curioso, e demostrativo da pervivencia de certas mentalidades e certas estruturas, foi que o día seguinte, martes pola tarde, (aínda seguían pegados os carteles da manifestación), apareceron de súpeto perto de cen «números» da Benemérita Orde, en sete «land-rover» e tres coches, acompañados dalgúns individuos de dudoso aspecto e sospeitosa conducta. Quedaron no pobo (cun «jeep» patrullando) deica as nove e dez, hora na que se foron pra, ó parecer, apostárense perante vintecatro horas a 4 kilómetros do Porto do Son. De tódolos xeitos, o xerme de autoorganización e reivindicación popular non se perdeu. Ademais de escrito dirixido á prensa, avalado por centenar e medio de veciños e no que se denunciaban os feitos, recóllense agora firmas pra forzar un pleno da Corporación Municipal e ter unha resposta e unha definición da autoridade.

«ISTA XENTE NON ESTA AFEITA»

O que non é posible é seguir mantendo unha situación na que,

aparte da desinformación oficial e a calada por resposta, os culpables dunha agresión a uns cidadáns levan a mesma vida de antes, por moito que os veciños desaloxen os barxes e establecementos públicos nos que se atopan con eles.

O mellor é que, como nos decía un home, «ista xente non está afeitada a tratar do pobo», e os malos costumes perviven. Así, no cuartel pouco mais nos dixeron que un «perdone» que evidenciaba un claro estado de nervios.

Según outro fillo do Son, que leva 14 anos fora, «Isto que fixeron é algo increíble. Loitan pola vida coma leós e ¿cómo os tratan? E algo que non se debe admitir dende o punto de vista dos dereitos humanos».

Claro que tamén hai outro tipo de opinións, como a do señor alcalde, que dí que «es una buena familia que un día tuvo una desgracia», ou a dun garda civil que lle dixo ó irmán dos agredidos: «Hemos cometido un error, no sabíamos que se trataba de tus hermanos».

Polo de agora, hai unhas tripulacións que perderon perto das sesenta mil pesetas polos días que non poideron traballar, a tranquilidade perdida dun pobo, e unha gran sensación de impotencia.



Tres esceas da masiva resposta dos veciños do Son ás agresións de dous gardas civís



ARQUIVO

A

«En el semblante del Caudillo, la sonrisa varonil más popular de Europa se mezcla con un gesto incontenible de emoción honda y cordial. ¿En dónde ha escuchado antes de ahora Franco gritos como el de ¡Viva nuestro paisaniño! y el de ¡Viva Franquiño de Ferrolíño! Aquel vran choveu arreo en Galicia. 1939. O xeneral vitorioso —¿quen venceu?, dirase anos despois nunha coñecida canción— entrará por primeira vez en Galicia logo de rematada a guerra das trincheiras. E entrará por Ferrol, a súa vila natal, onde pronunciará tres arengas nun só día. Aquel mesmo vran chegaría ó axuntamento da Coruña por enriba dunha alfombra de loureiros. A inauguración do primeiro carril da liña férrea A Coruña-Santiago avisou de hábitos e ceremonias que nos abafarían no futuro.

Detrás da crónica do poder, do seu optimismo forzado, pesa a certeza de que alguén debería escribir unha crónica do terror. Como se cada paso no loureiro, cada saúdo ó xeito imperial, se correspondera cun disparo e un berro de anguria, quizais en Peña Moa.

Pasar por Comisaría

Os trintasete vrans de Meirás condicionarán toda a vida da cidade. Tamén a súa estética, asulagada de roxo e gualda. Durante estes anos cimbearán os costumes, o xei-

sucedeno país

QUELES VRANS DE FRANCO...

O sabio Ruyán púxose recitar:

—Durante longo tempo foran xueces arbitrarios, pro axiña os seus xuícos esmoreceráanse como se non existiran. Se foran xustos, recibirían un trato xusto, pro oprimiron á xente e o destino aldraxóunos con danos e tribulacións. O amencer un novo día, a lingua do destino díxolles: «Eso por aquilo». E non hai quen poida censurar á fatalidade.

(Do libro «As mil e unha noites»)

to de vida, as arelas da xente, pro o seu estío será coma un rito sen de-venir.

Xornaleiros vidos da montaña limparán a faciana das carreteras de arbustres, encalarán os muros, repoñerán, en Meirás, as flores

murchas. Eles serán o primeiro sinal da próxima chegada. Pouco despois, os homes que non simpaticizaron co novo —¡Ai!— réxime terán que pasar por comisaría e, ás veces, ficar alí.

Meirás. As torres que foran pos-

tas a disposición de Franco por iniciativa dun grupo de persoeiros villegos, anque todo o pobo costeou a bondade dos xentilhomes. «El día 28 de marzo de nuestro segundo año triunfal, año de mil novecientos treinta y ocho, la ciudad y provincia de La Coruña hicieron la ofrenda-donación de las torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, jefe del Estado, Generalísimo de los Ejércitos y Caudillo de España, Francisco Franco Bahamonde». Alí,

os longos paseos. Alí, o acougo do único guía. Alí, as visitas pra adhesións incondicionais e inquebrantables.

MANUEL RIVAS

Grandes enchentas

Os que recordan dín que efectivamente foron moi poucos os cambios das vacacións dos anos corenta ós seguintes. Como se ve cumprira o dito: o calendario é unha máquina da morte. Quizais algunhas formas brutas se domesticaran. Nun hotel contábannos unha anécdota daqueles primeiros anos. Parte da escolta agarda a chegada dun ministro. Fuman fachendosas farias. Avisase de que a personalidade está á porta e todos tiran os puros e baixan apresuradamente. Era unha falsa alarma. Volta pra atrás e asombro: algúns deles arrepañan as farias. De tódolos xeitos, os xantares opíparos, as enchedoiras, non fallaron nin siquiera naqueles anos da fame. «Non é que houbera moitas juergas —decían no mesmo hotel—, o principal xeito de divertirse eran os grandes banquetes, as enchentas de marisco, as grandes facturas de whisky...»

Da Estación do Norte saía tódolos vrans un tren cheo de cortesanos. Mirábanse pola cidade coñecidos policías madrileños e sábese de moitos carteristas de sona no Ras-



A SUA CHEGADA, CAMBEABA A VIDA DA CIDADE

sucedo no país

tro da capital que ficaban pasmados coa prontitude que eran detidos («Pero hombre, sólo a tí se te ocurre venir a hacer el agosto a Coaña...»). Aquel séquito misturabase por uns días cos cipallas da cidade: o Golf, o Náutico, a Hípica, os concertos...

Os *consejos de ministros*. Daqueles primeiros autócratas e faciosos con brillantina e alcanfor ós pintas tecnocráticos dos sesenta con aire anxélico, traxe de corte europeo e dólar na manga. En 1966 apróbanse os accesos a Galicia, ¿ulos accesos? En 1969 apróbase o proxecto de iberporto, ¿onde o iberporto? O ruedo ibérico asistía a un esperpéntico xogo coas necesidades populares. Grandes proxectos, o «bluff» do desenrolo, as migallas do consumo, namentres a emigración e que queredes que vos conte.

Sempre unha vítima

O ditador era sobrio nos seus hábitos. Coma un abó calquera, gustaba de mira-la televisión e o cine acanda os netos. Comía o imprescindible. (Un periodista presen-

MARTINEZ SEVILLA



ERA SOBRIO NOS SEUS HABITOS

ta nalgunha das ceas que cada vran ofrecía o axuntamento comentaba o pouco que cundía gran parte do repertorio gastronómico. «Algúns asistentes repetían a cea nalgunha marisquería da cidade»). Contrastaba certamente cunha doña Carmen namorada dos encaixes, dos obxectos artísticos, das xoias; que non só gustaba de mirar...


Nas lembranzas da infancia, a imaxe do salmón e o anzó, da perdiz e o fusil. Sempre unha peza, unha vítima. Nas lembranzas, un home entregando trofeos: de guerra ou competicións (ás veces, a carón doutro insigne cazador de plus-valías, como era don Pedro Barrié). Nas lembranzas mais recentes, a imaxe dun vello erguido que move os beizos cando cinco mil persoas cantan no pabellón de deportes, de súpeto, o Himno Galego, o himno de Bóveda asesinado, dos mortos de Tui, de Lavadores, de Monelos...

Alguén decía unha verdade coma unha catacumba: «Pro todo iso está tan lonxe... xa pasou, por que non deixalo. Franco xa morreu». E vran na cidade. Os traballadores de Hostelería están en folga. Falan de moitos detidos. E tan difícil esquencer.

X. LOBATO



ALI, O ACOUGO O UNICO GUIA



Adeus, P.C.G., adeus

Alonso Montero, esquerdista independente

«Como hai rumores, imprecisións, bulos... sobre a miña actual ubicación política —e isto só orixina confusión, que no noso país temos dabondo— prefiro falar eu».

Con estas verbas iniciaba o profesor Alonso Montero a súa conversa con A. Magariños, despois da longa reflexión a que ese adicou, rematada-las eleccións do 15 de xuño. Foron verbas precisas e contadas que o catedrático de Lingoa e Literatura, que él mesmo quixo escribir da súa man, pra evitar malentendidos.

—¿Pódese confirma-lo rumor da súa saída do PCG?

—Sí, saínome —voluntariamente— do PCG, saída que, dalgún xeito, eu anunciara denantes do 15 de xuño. Levaba nil desde abril de 1962. Certo que tiven nestes quince anos dúas etapas críticas. Agora vexo claro que o meu traballo político-intelectual non se axeita totalmente ó marco do PCG (se cadra a limitación é miña). A nivel existencial sinto non pouco quedar-me «sen casa», porque eu son dos que cree que cómpre traballar «con»... Por outra parte, trátase

dunha «casa» onde houbo —e hai— humanidades de moito valor e cousas moi valiosas.

—¿Qué responsabilidades asumiras no PCG?

—Non é certo que eu ocupara postos de dirección no PCG. Un poster da campaña electoral (no que se me atribuiu un alto posto) foi un erro, non doado de explicar, propio dos atafegos da campaña.

—¿Cómo te calificarías política-mente, agora? ¿Onde te sitúas ou pensas situarte?

—Son, certamente, un esquerdista independente, independencia que non significa descompromiso ou evasión. O home é político sempre, incluso cando afirma ser apolítico. ¡Claro que un independente pode facer cousas políticas! Por exemplo, contribuir a artellar tarefas e vontades neste país (Galicia), tan necesitado de ritmos unitarios, sobre todo desde a catástrofe do 15 de xuño.

TAMÉN EN PONTEVEDRA

Case ó mesmo tempo que o PCG invitaba a tódalas forzas políti-

cas a unha homaxe conxunta á memoria de Alexandre Bóveda —xunto con Castelao, foi un dos redactores do Estatuto de Galicia, executado o 17 de agosto do 36—, catro membros do comité local de Pontevedra do Partido botábanse fora da organización.

«Estamos dacordo —din os catro escindidos, tres deles profesores— coa liña política do PCG, pro non podemos seguir aceptando a súa praxis, o seu xeito de traballo. A nosa crítica via en dúas direccións: a falla de democracia interna maila falla dunha auténtica práctica nacionalista».

Os ex-membros do comité local pontevedrés consideran que parte do comité executivo do PCG imprime ó Partido un certo estalinismo interno. Ante estes feitos, pensan que a base só pode facer dúas cousas: ou aceptar tais procedementos ou rachar. Afirman, tamén, que, anque os estatutos definen ó PCG como organización autónoma do PCE, na práctica non se actúa como tal, co que o problema nacional galego soio é asumido na teoría.

de man, cando xa se atopaban no lugar de Malpaso —nome, sen dúbida, premonitorio— pertencente ó municipio ourensán de Padrenda. Segundo parece, no intre en que foron localizados, tiñan tempo dabondo pra retornar co seu curioso equipaxe a terras portuguesas: os nervios, non embargantes, traicionáronos.

Estas torpes mañas e o seu inusual aspecto, fan pensar en que os fuxidos non eran, nin moito menos, uns *matuteros* calquera entre os moitos que traballan na zona desde hai décadas. En Ourense empeza xa a ser un secreto de comadre que o destinatario último dos explosivos procedentes de Portugal —coa marca, incluso, dunha fábrica de Trafaria, perto de Lisboa— era o GRAPO, mil veces desarticulado e mil veces actuante en Galicia. Son moitos os ourensáns que lembran aínda os berros dados en público, baixo o efecto de considerables cantidades de alcohol, por un rapaz galego que se confesou do GRAPO, entre alcumes a Carrillo, ó «feixismo» e ó «revisiónismo». Os seus dous acompañantes, de fala inconfundiblemente portuguesa, dixeron ser —seguramente pra non se quedaren atrás— do *Movimento pró Reconstrucción do Partido do Proletariado*, organización lusa de extema hoxe reconvertida no *Partido Comunista de Traballadores*.

Pesía todo, o mutismo oficial é absoluto, cousa que non colle a ninguén de novas. Sábese que non é esta a primeira vez que se intervéñ na raia portuguesa material explosivo, anque si sexa a única ocasión en que se deu noticia do feito. Coma consecuencia, todo son rumores máis ou menos fundados polo de agora. Un dato sintomático —xa que non definitivo— puidera se-lo elevado número de mozos portugueses que calquera pode ver esporadicamente en Ourense desde o pasado mes de xuño. As súas relacións con simpatizantes de partidos extremos son igualmente coñecidas nos circos de *enterados*.

OURENSE

¿Bombas portuguesas pro GRAPO?


Paquetes explosivos, cartuchos e petardos con conexión, tres *cócteles molotov*, corenta metros de mecha lenta, seis kilos de material explosivo e varios dispositivos de

relojería constituiron o inesperado *matute* descuberto por unha parella da Guardia Civil de Ponte Barxas, na raia de Ourense, despois de dalo alto a dous rapaces que tentaban

pasa-la fronteira polas bravas. Os mozos, altos, barbudos e de edades comprendidas entre os dazaoito e os vintecinco anos, abandonaron apresuradamente a saca que traían



VILASO



VILASO





ACABOU A BATALLA

VILASO



TEIMA: As últimas horas

DEICA LOGO

DERRADEIRO CONSELLO
DE REDACCION



A BANDEIRA SEGUE EN PE

Información: Un sindicato necesario

«A principal razón deste sindicato é conqueri-la unidade de todo o sector nun único instrumento reivindicativo e de loita. Non nace, pois, coma novo factor de división e propónse traballar conxuntamente coas organizacións obreiras xa existentes». Este era parte do chamamento feito por traballadores da información en Santiago, como conclusión dunha serie de xuntanzas nas que se acordou apoiar a construción dun sindicato galego da Información.

No mesmo senso pronunciáranse uns 180 traballadores do sector nunha asemblea celebrada con anterioridade na Coruña e o proxecto tivo boa acollida nunha serie de contactos establecidos con outras cidades e centros de traballo de Galicia, anque, por suposto, todo está por facer. Agora mesmo hai unhas xuntanzas estables —os xoves de cada semana— de comisións eleixidas na Coruña e Santiago onde se vai coordinando o labor de espallamento dun sindicato que quere agrupar a tódolos traballadores (dende repartidores hastra periodistas) de tódolos medios de información (radio, tv. e prensa).

Unha cuestión moi debatida foi o tipo de relación coas centrais sindicais xa existentes e, nalgunha medida, implantadas. No caso da Coruña houbo unhas asembleas nas que cada central expuxo a alternativa que ofrece prós traballadores da información. En Santiago invitouse ás centrais a que participaran e deran o seu parecer na última xuntanza pro estas non consideraron necesaria a súa presenza posto que non acudiron. Non obstante, os asistentes —a igual que fixeran os da Coruña— deixaron ben claro que o proxecto dun sindicato autónomo que agrupe a tódolos traballadores non ten, en absoluto, ningún contido gremialista. Todo o contrario. Non se tratará xamais de estar desvinculados das loitas do resto dos compañeiros de clase. O que si se mirou é que era necesario garda-la unidade coma o mais precisado tesouro dos traballadores. Considerouse que era un obxectivo posible agora e que non tiñamos que pasar polo mal trago da división.

Nada está feito agás a manifestación dunha necesidade. O instrumento de loita que vai se-lo sindicato terá que ser artellado en asembleas a celebrar en toda Galicia. Serán estas asembleas as que definan as súas características e obxectivos. Polo feito hastra agora, dous obxectivos están claros: traballar por unha Información libre que reflexe os intereses e a realidade do pobo galego, e, dende logo, defende-las reivindicacións a corto, medio e longo prazo da xente traballadora dos medios informativos. Que así sexa. *Saúde e longa vida ó Sindicato Galego da Información.*

XURXO LOBATO



A FELICIDADE DA VICTORIA POSIBEL

Disque a clave fundamental desta folga da hostelería —uns dous mil homes e mulleres en loita— cóos fondos pilares mafiosos que gobernan no sector. Afeitos a dárense patadas por debaixo da mesa pra provoca-la ruina allea, os grandes empresarios non queren saber nada de negociacións cos seus traballadores.

«E algo de razón teñen. Hastra agora pandamos con situacións laborais case escravistas: xeiras de doce e catorce horas, sen seguridade social, sen pagas extras nin vacacións, cobrando porcentaxes falsas —xa que teñen sempre dobre contabilidade— e tendo por compañeiros a menores de idade. Como hastra agora ninguén chistou deberon pensar que poderían facer de nós un saio. Pro tocaron ferro quente».

Esta folga da hostelería mesmo parece unha daquelas heroicas folgas do franquismo, do cando os patróns convertían ós loitadores obreiros en enemigos da patria e

botábanlles enriba todo o aparato da represión. Nunha trampa nada doada de explicar foi cai-la policía, que o sábado último levou presos a perto de sesenta obreiros, por pouca mais causa que levar —orgullosamente prendida do peito— un pegadizo do Sindicato Galego dos Traballadores de Hostelería. A policía vivía os grandes hoteis e aínda hai quen di que pola Coruña paseaba o coche do dono dun hotel con catro policías, ós que non tiña mellor cousa que decirlles que caís eran os homes dos *piquetes informativos* que debían levar presos. Despois deste primeiro día, a actitude policíaca amainaría unha pisca, anque a despedida non foi manca: os folguistas tiñan garantías das autoridades gubernativas pra exhibir pancartas de solidariedade no partido primeiro do Teresa Herrera, garantías que de nada serviron. Dos seis homes que levaban pancartas, tres salváronse ás carreiras de ir parar á comisaría e, tamén, de levar un bo par de mocadas, premios que si recibiron os outros tres compañeiros.

Hostelería

Unha fermosa folga

Sen champán prós vencedores e sen viño co que esquence-la derrota, transcurriu o «Trofeo Teresa Herrera», que se celebrou na Coruña a semana pasada. Por non haber non houbo nin quen lles fixera a cama ós xogadores. A culpa tivérona toda os grandes empresarios da hostelería que gastaron tódalas súas forzas e presas en pedir da policía que sacara do lume as combativas castañas dos traballadores. E é que os sufridos empregados do sector decidiron axeita-los seus salarios ás necesidades mais ineludibles dos habitantes deste devaluado e maltratado país galego. Dende A coruña informou XOSEL VILELA. A Redacción de TEIMA completou os datos

HISTORIA DO CONFLITO

Pódese decir que, por obra e gracia do aínda noviño Sindicato Galego dos Traballadores de Hostelería, os sempre dispersos camareros axuntáronse pra defendérense dos abusos da desaparecida (oración de «Deo gratias», tres avemarías e un chepazo cara ó ceo) UTT vertical e da patronal. A Unión de Traballadores e Técnicos, fiel á traxectoria e principios da democracia orgánica, aceptou firmar, o ano pasado, un convenio ás costas dos traballadores. Xa daquela, os que logo serían fundadores do SGTH non deron a súa conformidade ó tal pacto.

A vinte de abril deste ano reuníase a Comisión Paritaria do Convenio pra revisa-los salarios, de acordo co índice do coste da vida. Os xestores do SGTH pediron dos da Comisión que non firmaran. Estas eran as súas razóns:

«De nada sirve un aumento do 27 % cando a súa base é o anterior convenio. As milloras eran tan probes que os mais favorecidos virían cobrar 500 pesetas por riba do salario mínimo interprofesional e os mais dos traballadores quedarían por baixo da legalidade mesma.

Nós queríamos 20.000 pesetas mensuais prá categoría máis baixa e 15.000 prós aprendizes.

Isto é, unha subida lineal —a mesma pra tódalas categorías— dunhas oito mil pesetas. Tamén pediamos que a renovación dos salarios se fixera segundo o salario mínimo actual e non sobre o convenio, que era a postura dos empresarios».

Non quixeron atender estas razóns os patróns baixo o pretexto de que o tal SGTH non existía porque non estaba legalizado. Legalizados ou non, este sindicato foi medrando e hoxe ten uns mil afiliados entre Santiago e A Coruña. Así as cousas, a necesidade de loitar e a esperanza de vitoria foron medrando hastra culminar nunha assemblea —mediados de xullo— na que, de 205 homes, 154 deciden pular pola folga do sector. Xunto coa xente do SGTH, puxéronse mans á folga a UGT e mais CC.OO.

Os días 24 e 25 de xullo foron os elixidos prá loita. Mellor que bo foi o éxito na Coruña e Santiago, pro os patróns preferiron facerse os xordos diante das oito mil pesetas de aumento lineal pedidas.

«Non fora o demo que non se enteraron do que pediamos, decidimos que canto mais gorda a liamos mellor nos poderían atender. Votouse e saíu aprobado un paro indefinido dende o día cinco de agosto. A nosa xogada era moi forte: ese fin de semana xogábase o trofeo Teresa

XURXO LOBATO



ASI, CASEQUE TODAS

Herrera e ós patróns non lles faría miga de gracia non poder atender a tanto forasteiro como viría».

CINCO DIAS DE LOITA

O venres —día cinco— unha paralización notoria recorría o gremio hostelero das cidades da Coruña e Santiago. Pola mañanciña aínda un podía tomar algo nas cafeterías; pola hora do xantar, os turistas estaban negros de tanto andar ou case ficaban dormidos esperando ser atendidos nos restaurantes onde os esquiroses sudaban tinta. Xa dende o sábado, os *piquetes de información* tiñan cubertos os seus obxectivos: só estaban abertos os negocios familiares ou aqueles centros nos que os esquiroses asumían a defensa dos intereses dos seus amos, poñendo en perigo a vitoria dos seus propios compañeiros, tan afogados coma o que mais pola crise económica.

De tódolos xeitos, nos cinco primeiros días de loita a verdadeira estrela da festa foi a clase patronal.

«As veces mesmo parecen gansters. Din que, nas súas reunións a algún empresario que era partidario de negociar con nós, hastra o ameazaron de morte. O seu problema é que medran, aproveitando o estralo turístico, sen orde nin control. Collían xente a traballar a paladas, e a paladas os botaban fóra cando

remataba o vran. Afeitos a moverse na ilegalidade, agora non entenden que lles axustémoslas cravillas. Eles non queren que a crise económica diminúa as súas ganancias pró que non teñen mais saída que afogárennos en vivo.

Quixéronnos amolar botándonos enriba á policía, pro non foi esta a súa única manobra. Os capitalistas do sector boicotearon por completo os intentos de negociación dos empresarios mais modestos: primeiro, decindo que —xa que non estaban os 3.500 donos dos negocios hosteleros da provincia— os acordos non terían validez nin representatividade. Logo, cando foron derrotados nas votacións, largáronse da sala.

O seu derradeiro tento de rompe-la folga foi querer meter nos medo cos despedidos, cousa que non fixo mais que provocar un maior reforzamento da nosa unidade».

Tan certo é isto que houbo propostas de subi-la reivindicación das oito mil pesetas de aumento lineal segundo foran tardando os patróns en decidírense a negociar. A media mañá de martes, os empresarios pedían o prato das papas: querían negociar. A cousa non vai ser nada fácil. Dabondo saben os traballadores que as cartas de despido son puras maniobras pra metérenlles medo e que rebaxen as súas reivindicacións. Dabondo saben, tamén, que tais ameazas pódense converter en realidade no que dura un asubío.



¡HARE KRISNA, HARE, HARE!
NOVOS MONXES POR OXFORD ST.

Se Londres continúa na tónica de hastra hai pouco, o método pra atopar traballo é ben sinxelo. Abonda con que vostede teña alguén coñecido traballando alí. Avisándolle con tempo, esa persoa procurarálle un lindo emprego tal vez moi útil pró seu porvir, poida que mais cá carreira universitaria que agora o ocupa. ¡Ah!, que na aduana do aeroporto hai que declarar que vén ó Reino Unido como «turista», por pouco tempo e que trae cartos dabondo.

Os poucos días xa o vería eu instalado na cocíña dun hotel ou restaurante co importante cargo de «ouxináp», o xefe de lavado e desengrase no reino dos pratos, potas, olas, e tixolas. Tamén pode entrar coma «quichimporta» (pinche de cocíña) ou, en caso de que fose muller, facendo as camas dos cuartos.

De contado comprobará que alí non hai nin puñeteiro inglés. Sucede que os moi vivos reservaron o ramo da hostelería prós emigrantes, ¡que sirvan eles! Algún sí que hai, claro, pro de «manallén», que

son os que arranxan todo (delegados da compañía) e mandan sobre tódolos que alí choian.

COMA NA CASA

Pois señor, nesas noxentas cocíñas vai entrar en contacto coas máis exóticas culturas do universo: chinos, filipinos, hindús, co turbante e todo, «pakistanos», negros africanos (algúns aínda conservan as cicatrices rituais nas fazulas) ou antillanos. Cando os novos compañeiros saiban que ven de España, algún tratará de facerse o simpático mentándolle os consabidos tópicos («toros, flamenco y olé») e axiña verá que todo quisque coñece o imperial idioma cervantino: «Sifñore, ¿Españolo?, mucho bueno, mucho bueno...»; «Al laboro, señor hombre, al laboro»; «zenkiú, amigo...» O que tamén coñece o personal son os «tacos» de tódolos idiomas; hai individuos que se gaban de ser internacionais —políglotacos— nesos coñecementos: dende o «fakinbasta» británico ó «xarmuta» das linguas árabes, pasando polos gale-

O chega-lo vran, moitos estudantes vense na obriga de procurar un traballo temporal en Europa durante as súas vacacións. Precísanse cartos pra poder continua-los estudos do próximo curso ou hai que gañar, cando menos, prós gastos de viaxe e estancia. Os emigrantes..., xa están aló e non precisamente por coñeceren mundo.

Londres pra estudantes e emigrantes

X. M.^o LEMA

gos e a rica variedade dos italianos.

Pro non se preocupe, home, que vai estar moi en familia; o que mais vai atopar coma camaradas de choio van se-los mouros e latinos de sangue quente: italianos, portugueses, «marrocos» e españois a mancheas.

E tan só lle falta o galego —ou galegos— do hotel. Non vai faltar, asegúroo eu. —«De ónde es, paisano?», preguntarálle con pausada flema, afeito como está o home á repetición da escena. El, se non é de mala caste, axudaráo no que poida e vostede verá nel ó Anxo da Garda: que cal é a súa tarefa, do carácter do «manallén», que non traballes de mais porque aínda mais te exprimirían, dos compañeiros que son folgazáns ou chivatos... En conclusión, amiguíño, que no tempo das comidas os negros xuntaránse cos negros, os mouros cos mouros e os galegos cos galegos, e compadézoo se veu á pérfida Albión co anxeio de depende-lo «inglís», pois non o vai ouvir máis ca na BBC/TV ou pola Radio «Uán» no seu transistor miniatura.

POLAS RUAS

Pro non desespere, ho: aínda lle queda a rúa. Visite London, ande. No tempo libre á saída do «laboro» ou no seu día libre. Abofé que hai poucas cidades coma ela. Hai moitos lugares e monumentos que admirar: Abadía de Westminster, o Parlamento, o Royal Albert Hall, a Catedral de San Paulo, a Torre de Londres (onde Enrique VIII logrou o «divorcio» dalgunhas das sete mulleres), a Ponte (Colgante) da Torre, Greenwich co Meridiano de Castellón de la Plana...; alente nos amplios parques (Richmond, Hyde Park, St. James' Park) de extensos campiños verdecentes que por fin serven pra se tumbar neles e non pra «non pisar» coma nalgún país. Pra contempla-lo panorama viaxe nos buses de dous pisos, e con mais rapidez no «underground» (metro). Despois a pé, pra practicar algo o inglés preguntando por tal rúa ou tal lugar, «plísss». Se cansa, entre a tomar un alento, un escumante xerro de boa «bía» (cerveza) en calquera «pab» («pub», en inglés e castelán). Son os bares das bebi-

das alcohólicas. Funcionan tan só a certas horas do día (11, 30 - 3 tarde; 5,30 - 10 noite) e vaise admirar da cola que se forma ó abriren. E despois todos en orde e amodiño, coma bos rapaces —os clientes—, que o barman non ten presa. Hai que pagar na barra ó ser servido e non apure a quen traballa porque lle contestará. ¡Aí da nosa Hispania Imperial onde o cliente —por lei natural, disque, xa que paga— sempre leva a razón!. Nos hoteis os turistas españois quéixanse de que o personal non estea —coma en España— ós seus antoxos.

Calquera outro día pode axexa-lo mundo dos «hippies». Fatos deles deambulan polos pasos soterráneos de Piccadilly Circus con ollos de moucho vixiante. ¡Misterio! ¡Misterio!, están agardando o *su ministro*. Pro iso, a vixilancia (blanda) policial é constante: moitos extráñanse de que un «policeman» estea continuamente mandando erguer a tódolos fatigados viandantes sentados darredor da famosa Fonte de Eros. Queren evita-los contactos prá entrega de drogas. ¡Si! ¡Si!, érgase tamén vostede, amigo, por moita pinta de formal que teña e vaia moi limpo e aqueladiño.

Os grandes monopolios souberon aproveitálos ben e montaron unha industria coa comercialización dos seus fetiches e distintivos: carísimos pantalóns vaqueiros remendados, abalorios, posters... Rúas enteiras vense ocupadas por grandes tendas de todo isto: Carnaby Street, King Road, Portobello Road (esta cando hai feira, os sábados pola mañá). Merque alí as prendas que darán cobiza ás súas amizades: esas camisetas parlantes que certifican que vostede estivo en Carnaby St. —City of Westminster, W-1.

Se toma a determinación, despois de deambular longamente polo despreocupado mundo «hippy», de retornar de cando en vez á estética clásica, se ten interese pola Arte non deixe de adicar un anaquiño de cada día prás visitas pausadas ós grandes e ricos museos da urbe. O Británico (British Museum), coas inimitables mostras da Antigüedad do Próximo Oriente: os relevos asirios, as momias exipcias e os frontóns dos templos helenos; a National Gallery of Art

cunha completísima colección das obras pictóricas dos mellores artistas occidentais dende o Gótico; a Tate Gallery prá Arte Contemporánea (escultura e pintura); o de Victoria e Alberto; o de Ciencias Naturais... Algo moi interesante que engadir: que en todos eles a entrada é libre e gratuíta pra todo o mundo.

PRA CONTAR OS AMIGOS

Como o supoño libre de prexucios intranscendentes, non teño reparo en dirixilo a outra clase de lugares. Hai que ver e conocer todo pra logo contar ós amigos. Por iso hai que dar unha volta tamén polo chamado barrio chino, que eiquí queda moi céntrico, mesmo ó lado de Piccadilly. Chámanlle o Soho, barrio subdesarrollado e feo se o comparamos coa magnitude e esplendor das concurridas noites do Montmartre-La Pigalle parisiño. E que nisto do negocio sexy os ingleses teñen inda moito que aprender dos franceses. De certo que así o reconocen, cando rotulizan «estriptises» e casas de citas cun nome parisiño clásico coma pra que o local cobre prestixio («Café de Paris», «Le Moulin Rouge», «La Pigalle»...). O negocio argallado en torno á explotación da carne polo home tamén é notable: cines « pornos », tendas de libros e revistas «strictly for adults only», os establecementos de accesorios/supletorios sexuais («sex-shops»), as casas con fiestas de luz bermella constantemente prendida, son abundantes.

Pro a capital da Gran Bretaña —xa volo advertira— é sorprendente e poden darse os casos máis dispares.

Agora podemos recrearmonos no paso marcial do flemático Thatcher-victoriano «gentleman», o prototípico inglés das películas. Son os burócratas: oficinistas e «bisnes-men» (homes de negocios) que traballan no emporio financeiro da City (a cidade antiga, a de estreitas rúas, onde se ubican os grandes bancos e os diarios de maior tirada). Se non o cre, non ten máis ca acudir ó saíren eles do traballo, e poderá comprobar como a pantasía do cine convírtese en realidade. Unha inmensa multitude uniformada, estereotipada, desfila sobor das pontes do río Tames cara

ás súas vivendas dos arrabaldos do Sur de Londres (a burguesía foxe do Centro cara á tranquilidade das aforas: unha casa = unha familia): rostros secos, paso firme; traxe oscuro —de milraias—, chamba branca e corbata estilizada; inevitable bombín na cabeza, paraugasable e gabardina ou abrigo ó lombo anque vaia unha calor abafante.

O fausto vitoriano téimase a se conservar, anque sexa tan só pola nostalxia do Imperio perdido ou por alimenta-lo Turismo. As 11 da mañá de cada día, unha inmensa multitude agólpase diante do Pazo de Buckingham —residencia da Raíña— pra contempla-la sofisticada cerimonia tradicional que se organiza pró relevo da Garda Real. Noutra ocasión pode ir molestar canto queira ó heroico soldado que impasible atura as bromas dos tu-

Pódese poñer na picota sen perigo ningún á Súa Graciosa Maxestade ou ó Primeiro Ministro.

A miúdo polas rúas óese a desaforada voz dos predicadores vagabundos. Salvadores altruistas do próximo, percurando adeptos prá súa secta relixiosa, increpan cunha apocalíptica linguaxe, ós viandantes ó arrepentimento dos seus pecados, porque a fin do mundo está perto.

Outras exóticas relixións, orientais sobre todo, tamén fan proselitismo polas rúas. Unha ronda diaria, pola media tarde, daban, ó longo de Oxford St, aqueles novos monxes: rapados ó cero e con longa coleta, vestidos ó xeito hindú con túnicas hastra ós pés, bailaban e armaban barullo ó mesmo tempo que ¿cantaban? o estribillo de «Hare Krishna». Practican ritos propios destas filosofías espirituais: medi-



PICADILLY CIRCUS: PERIGOSO ESTAR SENTADO

ristas na Porta dos Cabalos de Garda.


Pro non todo morre eiquí. Por exemplo, ¿non ten ouvido falar do cornecho dos «espikas» (Speakers' Corner) en Marble Arch, esquina nordes do Hyde Park, onde calquera cidadán ten o libre albedrío de subir a un caixón-púlpito e informar, denunciar, convencer ó ocasional auditorio que lle apeteza ouvir? Oradores políticos, relixiosos, sociolóxicos ou de temas intranscendentes. Disque é a tribuna máis tolerante do mundo, onde cada individuo pode expresar públicamente o seu pensamento, como rezan os principios da boa democracia.

tación e oración; intentan dominar as humanas pasións practicando as duras regras e observando unha austeridade a ultranza. Pra eles —aseguran— o acto sexual é un mero instrumento de transmisión da vida, que monxe e monxa fan por deber á comunidade sen que experimenten placer sensual e sen que entre eles haxa amor ou atracción física.

Pois non hai nada novo niso, pode decir vostede, cousas semellantes ordeaba a Igrexa Nacional-Catolicista da triunfal España da Postguerra, e mais non se foran inspirar á India na filosofía dos santóns.

XOSE LOQUIS





Pontedeume: Luz e guía

Sí, están lendo ben. Non é mentira, nin erro de imprenta, nin —supoñemos— intoxicación etílica. E o que ven. A mágoa foi que, sendo capaces de arrombar por unha vez tantas e tan grandes diferencias, non prorrogaran o armisticio pro día seguinte (25 de xullo. Día da Patria Galega), ou, xa postos, por un ano ou dous.

A todos veciños de PONTEDEUME e Bisbarra

Acudide o domingo 24 diante do Concello pra saudar a bandeira de todos nós, a bandeira galega, que se erguerá ás 12 da mañán.

Será erguida por un veciño, logo de dirixir unhas verbas ós asistentes.


O remate cantarase o Himno Galego.

As forzas políticas abaixo firmantes convidanvos ao acto

- Asamblea Nacional-Popular Galega (ANPG)
- Partido Comunista de Galicia (PCG)
- Partido Socialista Galego (PSG)
- Partido Socialista Obrero Español (PSOE)
- Partido do Traballo de España (PTE)
- Unión do Pobo Galego (UPG)

O desmadre facha

Esta maravillosa páxina é, nada mais e nada menos, do vespertino **Aleázar** —toca madeira— de Madrid. Contrapoñen a **leda** imaxen dos do Centro (gallego) de Madrid e a terrorífica portada da our review. Tampouco é pra poñerse así.




O protocolo socialista

O Colexio de Arquitectos de Galicia pedira oficialmente ós parlamentarios galegos celebrar unha xuntanza pra informar e discutir sobre diversos aspectos da problemática galega, sobre todo no que se refire á planificación. Despois dun aplazamento, foi sorprendemente un deputado do PSOE, A. Eguibar, quen máis se empeñou en que tal proposta non se tratara na Asamblea de Parlamentarios, xa que non estaba incluído no orden do día. As formas son as formas. Temas como a autopista, as celulosas, os plans de ordenación, etc. quedaron, pois, no tapete. ¡Ai, si Pablo Iglesias...!



O GALO CAMILO, Por PEPE





OMNIUM CULTURAL GALEGO

O anxelismo na porta dun pretendido Congreso

De súpeto, uns señores que ninguén coñece din que é necesario un Congreso da Cultura Galega. A idea e os señores xorden na Coruña. En principio, ninguén lles fixo caso. Pro xa é pra preocuparse cando falan de cincuenta millóns de pesetas. Presuposto mais que grande pra preguntarnos qué está detrás dese pretendido anxelismo político-cultural que poñen como autodefensa da súa montaxe. Publicamos unha carta recibida en TEIMA e un panfleto que espallaron—repárese no galego traducido que empregan—. Por suposto, falaremos con eles, a ver se nos aclaramos dunha vez.



¿Quén é o Omnium?

«Somos uns enamorados da cultura galega», dixeron a un redactor de TEIMA dous dos membros do chamado —e hastra agora descoñecido— Omnium Cultural cando se lles preguntou sobre da súa traxectoria persoal no mundo cultural galego. Moi nerviosos, tampouco deron moitas máis explicacións sobre da orixe do organismo que quere organizar un Congreso da Cultural Galega —«somos xente que estiveramos traballando individualmente e agora nos unimos»— nin da futura financiación —«se necesitan uns cincuenta millóns»— do devandito Congreso: «Hai cousas que se poden decidir e cousas que non».

Os organizadores repiten obsesivamente que ten que ser un Congreso apolítico —son frecuentes os ataques ós partidos políticos galegos—, que terán que ser eles quen manteñan esa arbitrariedade, e, pra demostrar que van en serio, nomearon o pasado martes, día 2, nunha xuntanza a porta pechada na Coruña, unha Xunta Promotora do Omnium que formará parte da xestora do Congreso. A outra parte estará composta por persoeiros dos diversos eidos da cultura «de recoñecida neutralidade política». Preguntados se tiñan información do proceso levado en Catalunya pra face-lo Congreso de Cultura contestaron afirmativamente, aínda que ó redactor desta revista se lle plantexaron serias dúbidas ó respecto. «Esa —dixeron— era unha

cousa da burguesía catalá... a proba está que terminou nunha fundación».

Entre a xente que ven loitando pola cultura galega, o asombro. Nin escritores, nin cenastas, nin grupos de teatro, nin das asociacións culturais, nin pintores... saben nada do Omnium e dos seus membros. Son lóxicos, pois, tódolos rumores. Fálase de que detrás están entidades bancarias ou algunha fundación ou ben algún organismo oficial. Algunhas persoas de coñecida traxectoria na loita cultural do noso país expresaron a TEIMA o seu temor de que no transcurso houbera unha manobra pra desacreditar a organizacións —culturais e políticas— que mantiveron viva a nosa cultura nos tempos de silencio. Trataríase, engaden, de utiliza-la cultura galega, tradicionalmente vencellada ás loitas populares, pra *despolitizala*, é dicir, neutralizala, domesticala pra uso da dereita.

Ninguén sabe nada do seu compromiso coa cultura galega pro si se sabe que da comisión xestora, un membro é empregado do Banco Pastor e outra da Fundación Barrié. Namentres, a Asamblea Popular Galega (APG), que lanzara a idea do Congreso o 17 de nadal de 1976, saíu ó paso do proxecto condenando «este xeito antidemocrático de organizar un Congreso e de instrumentaliza-la nosa cultura, ó tempo que facemos un chamamento ás organizacións populares e traballadores da cultura pra que parti-

cipen das Iniciativas de Cultura Popular e traballen na perspectiva dun auténtico Congreso». «Moitos de nós —decía o comunicado da APG— preguntámonos onde estaba o Omnium, e os seus compoñentes, durante a longa noite do franquismo, cando defende-la cultura galega era asumir un difícil compromiso». «O Congreso da Cultura —explicábase na resposta ó Omnium— terá de se-la culminación dun proceso encetado xa hai tempo de maneira espontánea e continuada hoxe de modo consciente, concebido como un alto no camiño pra reflexionarmos conxuntamente sobre dos pasos dados hastra ese momento. Esa evaluación global do noso movemento cultural, que hoxe xa escomenza a

perde-lo carácter resistencialista que as duras condicións do fascismo lle impuxeron, pra pasar a ser claramente ofensivo hastra o punto de obligar a sectores tradicionalmente indiferentes e desdeñosos a intervir directamente (tal é o caso do Omnium), pra desvia-las súas liñas de avance dos seus verdadeiros obxectivos liberadores, servirá de toma de conciencia colectiva dos nosos erros e insuficiencias, así coma tamén dos nosos logros. Deste xeito estaremos en condicións de marcámo-las liñas mestras dun programa de actuación pró futuro que multiplique a eficacia dos nosos esforzos e cubra áreas culturais deica agora desatendidas ou insuficientemente consideradas».

INVITACION O DEBATE

TEIMA ven publicando artigos e colaboracións sobre da idea dun Congreso da Cultura Galega, abrindo as súas páxinas a un debate no que cada un, libremente, expoña o seu plantexamento do tema. Unha vez máis, a invitación está feita.

Debate

Cara un congreso da cultura galega

BONIFACIO BORREIROS



A Cruña, 19 de Xulio 1977

TEIMA
Rúa do Hórreo, 94
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A.A.— LUIS ALVAREZ POUSA

Señor:

E moi triste *tantos erros* en tan poucos ditos ó falar da Xunta Promotora do «Omnium Cultural Galego». Eu son compoñente da devandita Xunta e a igoal que outros meu espírito, carácter e ideoloxía, introdúcese nunhas características nacionais galegas. Nossos plantexamentos democráticos intentan mobilizar os sectores sociais nacionais nestes intres de rexurdimento cultural. Todos nós consideramos a cultura como o millor medio pra chegar a calquer plantexamento político e non o contrario como algúns pretenden facernos creer.

A derrota nacionalista galega nas derradeiras eleccións foi en parte a consecuencia da falla cultural do noso pobo que votou contra dos seus propios intereses. Por outra parte, moitos políticos sintense portadores do galeguismo de xeito exclusivo. As aspiracións e reivindicación do pobo galego istán hoxe sin ser defendidas porque as forzas nacionalistas galegas non souperon coordinarse.

Por iso, o *Congreso da Cultura Galega convocarase apolíticamente pra todos*. Loitaremos pra que o mesmo non sexa monopolio político. Todos os ámbitos istarán baixo unha soa bandeira, a de Galicia.

Sobor de nos podense decir moitas cousas, os feitos son os que contan e non os ditos de un calqueira.

Sin mais,

Xosé Alvarez Temprano

P.D.: Todo o devandito é a modo persoal.

Por un Congreso da Cultura Galega

O derradeiro día 25 de xunio foron entregados no Goberno Civil da Coruña a documentación e estatutos preicisos pra ó recoñecemento oficial do **Omnium Cultural Galego**.

Nos estatutos figura *noso rechazo total de criterios políticos*, tendo en conta unecamente pra nosos fins aqueles de tipo persoal, profesional ou cultural.

Confirmamos novamente a *independencia do equipo creado*, ó tempo que aseguramos non existe orgaización política algunha no noso seo.

Todos nos consideramos a cultura como o millor medio pra chegar a calquer plantexamento político e non o contrario como algúns pretenden facernos crer.

Son varios os grupos políticos galegos que intentan por todos os medios monopolizar o «**Congreso da Cultura Galega**» mentras que ista asociación, promotora do mesmo, traballa apolíticamente na convocatoria do congreso. Consideramos que todos os ambitos culturais a tratar nel deben estar baixo unha soa bandeira, a de Galicia.

Istá máis que demostrado que non poden acaparar o congreso aqueles grupos políticos que non superon coordinarse nas derradeiras eleccións, porque cada un deles síntese portador do Galeguismo do xeito exclusivo.

Con ditos e trapalladas que carecen de fundamento algún, intentan poñer en contra do **Omnium Cultural** a todas as forzas da esquerda con o único fin de poder amañar o congreso que con seus persoalismos, unha vez mais, a que pagaría novamente as consecuencias, sería **Galicia**, e iso sería moi triste.

Creemos que si UD. pensa e sinte en galego o coñoce e comprende a realidade de Galicia, poide loitar con nos *en contra da politización do Congreso*.

Por unha Galicia ceibe, onde caibamos todos e con un si rotundo a cultura Galega.

Omnium Cultural Galego

NARRATIVA

A teoría corpuscular

MANUEL CATOIRA

Pra comprender mellor o alcance do noso breve estudio sinóptico en canto ó esbozo da cuestión, chegará con consignar, a maneira de resume, o que segue:

Na Literatura galega o conto ten acadado dende os primeiros intres unha universalidade propia e pouco común. Cáseque tódolos novelistas galegos son excelentes contistas. Téñase de conta a escritores como Cunqueiro, Otero Pedrayo, Dieste, Blanco Amor, Fole, etc. A primeira novela galega goi «*Maxina e a filla espúrea*», de Marcial

ben bó. Aplicando, non obstante o método á derradeira xornada de novelista teriamos forzosamente que destaca-la colección «Illa nova» (Galaxia), onde foron aparecendo as obras de Franco Grande, Casares, Vázquez Diéguez, Lois Diéguez, Alcalá, Carro, e Carlos Durán. «*Adiós María*», de Xohana Torres e «*Memorias dun neno labrego*», de Neira Vilas, apareceron co anagrama de outras editoriais. De tódolos novos narradores quizáis sexa Méndez Ferrín o que teña unha produción mais coherente, pechando este reconto Ignacio Taibo na acomodación ó presente mais inmediato. E no medio dun desenrolo ó carón do pobo cabe destaca-la importante revelación de Paco Martín con *No Cadeixo*. Na análise desa cuestión hai que sinala-los camiños certos das anteriores xeracións de narradores, poetas e ensaístas que tan certeiramente axudaron a buscar solucións pra novela galega, aínda que nestas acotacións resultaría moi difícil, senón imposible, determinar cal é a influencia sobor da nosa narrativa dos escritores galegos anterigos e cal a dos foráneos, se temos en conta a transgresión da moda que chega hastra calquera vieiro e, en consecuencia, sobor de todo se nos percatamos das determinantes que inciden sobor da nosa fala por parte do idioma dominante, o castelán, e nas obras feitas ó outro lado do Atlántico das variantes sudamericanas, como se pode palpar en «*Fronteira Infinda*», de C.E. Ferreiro. Esta revisión do itinerario non ten volta de folia e, no fondo, sempre resulta moi difícil pechase a tales influencias se temos en conta que a linguaxe do escritor vai a par coa da xente do seu pobo, e na estrutura da obra literaria tales variacións quedan vigorosamente determinadas por cada autor, en cada oficio de escritor.

DOS ANXOS E DOS MORTOS

ANXEL A. REY BALLESTEROS



Valladares, publicada no 1880. E no sucesivo as persoas que pretenderon fague-la novela galega víronse obrigadas a reelaborar e traballar unha lingua na que mais adiante a novela debería presentar unha identidade persoal absolutamente invulnerable. Pódese considerar entón unha chea de xeneracións e de datas concretas nas cales a novela foise perfilando hastra chegar a onde agora está, aínda que non se poidan moi ben apreciar tales datas e tales xeneracións. Nesas circunstancias o labor esclarecedor de Carballo Calero é



VILASO

A cantata «NOVA GALICIA» de Roxelio Groba, composta no 1971 e estrenada no 1973, é a primeira tentativa na historia da nosa música culta de crear unha linguaxe autóctona achegándose ó carro evolutivo da estética musical internacional. O día vinteoito de xullo a Orquesta da Coruña, a Coral Polifónica «El Eco», María Uriz, Enrique Serra e Julio Catania, baixo a dirección de Groba, presentaban novamente ó público esta obra que ocupa xa un lugar central na cultura galega

«NOVA GALICIA»

Compoñer en galego

XOAN M. CARREIRA

Nun intre no que se fala da normalización da lingua, no que os artistas plásticos tentan crear unha linguaxe que poida chamarse galega, que Galicia se impón como realidade cultural, a música, unha vez mais, corre perigo de se-la gran esquecida. A necesidade da creación do Cancionero Xeral de Galicia e o Arquivo Folclórico non atopan o eco necesario, as Bandas —base da nosa cultura musical extrafolclórica xunto coas Corais— loitan por sobrevivir e «xeralmente adicanse a interpretar transcripciones zarzueleiras», as Orquestas —da Coruña e de Vigo— ten unha «vida mais dura cá dun mendigo» e o «espírito, xeralmente, vai con ollos na espalda e venda no futuro». Nembargantes, é a música un dos sectores mais concienciados do problema nacional —e non só os «clásicos» senón tamén os «comerciáis»— e nos caixóns dos profesionais dormen o sono dos xustos proxectos e mais proxectos. Non é a miña intención contarlles, agora, como o noso minifundismo cultural abortou hai tres ou catro anos o proxecto da Orquesta Sinfónica de Galicia ou o do Arquivo Folclórico de Galicia. Mais ben tento falar do significado da obra «Nova Galicia».

A morte de Benjamín Britten deume ocasión de esquematiza-la historia da música inglesa e os problemas que Elgar, Ireland ou Vaughan Williams atoparon pra compoñer nun país sen historia musical recente. Os devanceiros da nosa música, Montes ou Veiga, —Gaos, fóra de Galicia, dirixiu a súa mirada prá Alemania e seguiu un camiño, admirable, que o alonxaba dunha

linguaxe galega— atopáronse cun problema similar pro agravado pola falta de coñecementos técnico-musicáis. A gran esperanza da música galega, Xesús Bal y Gay, tivo que exiliarse e quedou illado en México e sobre a música galega —¿só sobre a música?— cerneuse unha «longa noite de pedra».

Nesta situación Groba volta da emigración no 1968 e atópase orfo, illado. A súa formación musical e o seu coñecemento do folclore capacitano pra ser él quen poña a primeira pedra do edificio e non renuncia a isto. A cantata «Nova Galicia» —con texto de Iglesias de Souza sobre un esquema de Groba— tenta «incorporar tendencias estéticas universáis que puxeran mais ou menos ó día a nosa lingua musical». A obra como calquera pioneira ten un feixe de influencias —Bach, Beethoven, Orff, Stravinsky, Bartok, Messiaen...— e, neste senso, é unha obra relativamente pouco persoal. Pro é un punto de partida dempóis do cal «imponse un inventario, un exame de conciencia e unha programación que conteña valor futurista» pro que calquera compositor galego terá que mirar —sexa pra rechazalo, sexa pra imitalo— e que amosa que «a actitude nacionalista non pertence ó pasado, ten pola contra, moito futuro». O perigo era grande pois «o nacionalismo musical, no que ocupan os cumios Stravinsky e Béla Bartok, cáseque quedou esgotado se o entendemos como as posibilidades da lingüística culta extraída das formas étnico-raciáis e tradicionais. «Nova Galicia» ten por iso xunto a acertos maxistráis —o



VILASO

canto sexto, o terceiro —serios defectos— febleza estrutural ravelado nalguns momentos (o canto segundo) e detalles discutibles (as cunchas do remate do canto cuarto)—, nembargantes creo que o momento de analiza-la obra é cando saía o disco no próximo outono.

«Nova Galicia» está ahí como «solitario penedo dun neonacionalismo que nunca tivemos, un neonacionalismo que é posible hoxe que «o avance das técnicas electroacústicas nos pon en condicións de usar espectros sonoros con valor étnico que inda non foron explotados». Está ahí amosando que «as ideas están claras, pro pra que calllen, o compositor necesita dunha sociedade que o respalde, dunha sociedade que o apoie e que deseixe, con él, unha Galicia mais culta, mais próspera e da que a nosa descendencia poida algún día enorgullecerse». Agora que «Nova Galicia» é xa historia, incluso pró seu autor, e como tal historia se plasmou nun disco, esperemos que o camiño sexa realidade e que xunto co redescubrimiento das orixes descubramos un mundo novo no que a música teña algo que decir, pois sempre aquilo que é noso ten algo que nos decir.

Picaraña

LIBROS

Basilio Alvarez: Abriendo el Surco; Manual de lucha campesina. Editado na Habana e reeditado agora por J.A. Durán en Arealonga

«Abriendo el Surco» leva unha presentación de Durán e asimesmo unhas acotacións explicativas que contribúen a situar no contexto os discursos pronunciados e recollidos por ese formidable axitador agrario que foi Basilio Alvarez.

O corpo central do libro ven dado polos discursos pronunciados en vilas de gran importancia (Ribadavia, A Estrada, Vilagarcía, etc) onde tiveron lugar multitudinarios mitins de hastra trece e catorce milleiros de persoas convocadas polas sociedades agrarias pra escoitaren ós oradores de Acción Gallega (Vicente Domínguez, López Aydillo, Basilio Alvarez, etc.) e tamén ún na Asamblea de Ribadavia.

Cabe destacar como dato anecdótico que cáseque sempre contrataban unha orquesta que interpretaba pasacalles no medio dun pintoresco desfile de estandartes e bandeiras da Liga Acción Gallega.

Inclúense tamén discursos de Basilio Alvarez en Cuba, onde foi a recabar-lo apoio financeiro e político pra facer frente ó trastorno que supuxo pra eles o asesinato de José Canalejas —presidente do goberno—, de quen eran ben conocidas as súas simpatías pola Acción Gallega.

Non faltan tampouco algúns comentarios sobor de diversos temas que preocuparon a Acción Gallega (a agonía da poboación rural, o ferrocarril

Ourense-Zamora, etc) e unha avaliación dos resultados prácticos do grupo de Basilio Alvarez; este relátanos asimesmo o nacemento da súa organización arredor dunha tertulia de galegos que adoitaban xuntarse na cervexería madrileña Excelsior, entre os que se atopaban Portela Valladares, Peinador, Olmet, Páramo, etc.

Os discursos de Basilio Alvarez, a xuzgar por este libro, eran considerablemente retóricos e repletos de alusión literarias (Dante, os clásicos gregos, Pindal, Curros) e se ademais dísto temos en conta que eran pronunciados en castelán, difícilmente entenderemos como causaban aquel efecto enardecedor nun público galego falante e escasamente culturizado, se non temos en conta a atronadora forza que imprimía á súa elocuencia unha eficacia contundente. E a isto sumábase a espontaneidade manifesta se non en todo polo menos en gran parte da súa disertación.

Por outra banda, a táctica seguida polos agrarios era dobre: negociacións co poder e ó mesmo tempo axitación e movilizacións constantes. A este respecto as páxinas do libro que comentamos atestiguan claramente a importancia concedida polo abade de Leiro á práctica movilizadora, á presión das masas. O mesmo nome da súa organización (Acción Gallega) é ilustrativo deste carácter dinámico e operativo.

Polo que respecta á ideoloxía deste crego tempestuoso parece que estaba parcialmente influenciada polo ideal rexeneracionista de Joaquín Costa.

A súa concepción do cristianismo era incuestionablemente

progresista e en certo modo precursora do Vaticano II. Así afirma: «yo no puedo predicar que mis compatriotas aguanten las cadenas cuando Nuestro señor Jesucristo ha venido a romperlas».

A visión que de Galicia tiña Basilio Alvarez en 1912 era considerablemente avanzada se temos en conta que hastra catro anos despóis, con Villar Ponte e as Irmandades, non existirá un enunciado explícito de Galicia como nación. O noso personaxe refírese con frecuencia a Galicia como «mi Patria y mi raza». As verbas «país», «región», «raza», «patria», e «pueblo gallego» sírvelle pra expresa-lo carácter diferencial galego que recoñece expresamente. Deste xeito clama indignado: «yo mismo escuché en el Ateneo y en el Congreso como se le negaba a Galicia su pasado histórico y su personalidad regional». E mais adiante: «Somos esclavos de unas gentes que nos arrebataron nuestro lenguaje dulce y mimoso, nuestras costumbres poéticamente patriarcales, nuestras tradiciones gloriosas, ... y hasta nuestra independencia brava y adusta. Nos uncieron al carro del centralismo, formando un conjunto abigarrado de provincias como grotesca parodia de una Francia...». E remata decindo: «¡Viva Galicia redimida!»

En suma vemos moi ben reflexados neste libro os acontecementos de 1912, época do apoxeo do movemento agrarista que dende o ano 1907 hastra a ditadura de Primo de Rivera sacudiría Galicia coa súa ardente protesta antiforista e anticaciquil.

XAVIER CASTRO

DISCOS

María Callas é un dos persoaxes mais extraordinarios da música do noso século. Non soio polas súas características vocales, que chegarían pra marcar un hito, senón tamén pola súa capacidade de integración co seu papel. Cando Callas canta, deixa de ser ela pra transformarse en Carmen, Leonora, Butterfly ou Norma. Un dos seus meirandes



méritos é o haber resucitado un repertorio que os divos da ópera verista esquenceran como Rossini, Donizetti ou Cherubini. Lamentablemente, ningún compositor contemporáneo respostou á súas demandas pra enriquecer o seu repertorio. Un dos máximos logros de Callas é a ópera de Luigi Cherubini *Medea*, unha das cumbres da ópera dramática. A interpretación desta ópera, na época de Callas, significou non soio a creación dun perxoase senón tamén o redescubrimiento dunha técnica vocal. Nesta versión xúntase un equipo irrepetible, por moitas razóns, baixo a batuta dun dos directores de ópera mais grandes: Tullio Serafin.

Luigi Cherubini. — MEDEA. María Callas, Renata Scotti, Lydia Marimpietri, Elvira Galassi, Mirto Picchi, Alfredo Giacomotti, Giuseppe Modesti. Coro e Orquestra do Teatro da Sala de Milán.

Director. — Tullio Serafin.
Ricordi-Hispavox. — HRIS 630-06 / 07 / 08. (3Lps.) P.V.P. 900 pesetas.

X.M. CARREIRA

CINE

Chega «ROCKY» ós cines galegos, con fama de película importante. Pro non o é, anque funcione comercialmente. Estamos diante doutro produto americano de boxeador probe que resulta asoballado na súa profesionalidade polo boxeador rico e poderoso. Dous mundos contrapostos e no medio o amor romántico, o triunfo da dignidade. Adobamento de sangue, secuencias duras, sufridas polo héroe da historia. Un produto de moitos millóns e polo tanto de boa factura artesanal. Mais nada.

O folletín queda así exposto nun guión de novela rosa, que pra poder funcionar en EE.UUU. terá que estar envolto en sangue, efectos lumínotécnicos que impresionen as retinas e os corazóns. Temos por diante unha «industria cultural» made in yanki. Puidera se-lo filme do ano en América, onde o soño é unha consecución de tantos «sandwich» e de tantos dólares, pro non eiquí, onde o dólar se chama moitas pesetas e os «sandwich» son os cachelos. Como espectáculo, pase. Como obra-comunicación, nada. Porque o tema do boxeo tamén se pode tra-



tar humanamente, sen folletíns e sen final con rapaza decente e sublimada. Tómese nota das seguintes películas que lle poden dar exemplo a este «Rocky» de John G. Avildsen: *O ídolo de barro* e *Mais dura será a caída*, de Robson; *Tongo e Mercado pola xenreira*, de Robert Wise; *Clasius, le grand*, de William Klein; *A gran esperanza branca*, de Martin Ritt; *Corpo e alma*, de Robert Rossen, e especialmente *Fat City*, de John Huston.

L. POUSA



NON OS «LIDERILLOS»

Quixera dirixirme sobre todo ós galegos ceibes, que loitan e defenden coma o que máis os intereses da NACIÓN GALEGA pro non consideran a súa vontade ás ordes de ningún.

¿Por qué non mandamos ó c... ós «brillantes liderillos» dos partidos galegos —que lles importa moi pouco Galicia, moito menos que perde-lo seu mando— e tódolos galegos que o desexen, os independentes pro nacionalistas, ou os militantes de partidos que se sintan ceibes e desfanatizados deses centralismos democráticos (perfectas dictaduras), acudimos *todos a unha* namentras os «pais da Patria» si-guen discutindo se nos dan permiso ou non e berramos o que nos pete o día 25 de xullo, que está a caer?

Penso que agora máis que nunca hai que emanciparse dunha vez do que dispoñan esas autoelucubradas cabezas pensantes que disfrutan coa manipulación das vontades colectivas anque seña a costa de traicionar os intereses urxentes de Galicia, poñendo atrancos (coma os que uns e outros puxeron antes e durante as eleccións) pra evitar a toda costa a unión dos galegos.

Alberto Suárez
(A Coruña)

N. da R.:

Recibida con retraso, pensamos que vale a pena reproducir esta carta escrita uns días antes da celebración do «Día da Patria Galega». Sen dúbida serve pra poñer de manifesto a composición de lugar de non poucos galegos fronte ás diferencias, desacordos e liortas entre os diferentes grupos da esquerda galega. Polo demais, non é esta a primeira carta deste estilo que se publica en TEIMA. Cómpre telo en conta.

APRENDE-LO GALEGO

Sr. Director: Pra escomenzar esta breve carta dóulle a máis sinxela felicitación pra ese equipo tan

bo de colaboradores. Escríbolle pra decirlle ¿por qué en TEIMA non dedican, anque sexa media páxina, a ensinar o galego da seguinte forma?:

Maestro: mestre; libre: ceibe; hoy: hoxe; noche: noite; lucha: loita. Pro empezando polo A.

Eu creo que coma min hai un puñado no noso País que lle decían que falar galego era mala educación e que había que falar «castellano». Eu deime conta tarde, pois teño dazaioito anos e intento aprender a lingua de Rosalía mediante a lectura da súa revista, pois é o único medio que teño de aprender o noso idioma. Por iso mesmo creo

que a súa revista faría un papel máis importante —que xa o fai dabondo— en canto á difusión e aprendizaxe do galego.

Pola miña parte, hai dous anos que intento como podo aprender o noso idioma.

Moitas gracias

X.M.M.
Espírito Santo, 13
Porto do Son (A Coruña)

POLA AMISTADE GALAICO-CATALA

Sr. Director: Son catalán e teño

A RENFE e os emigrantes

Sr. Director: Como vexo que vostedes teñen interés en coñecer, expoñer e resolver os moitísimos problemas que aqueixan á rexión galega, gustosamente escribille pra poñer no seu coñecemento un feito lamentable, do que son vítimas eses cidadáns de terceira (con abonos de primeira) que son os emigrantes.

Nos próximos días, a meirande parte deles veñen a España a pasa-las vacacións cos seus familiares ou nos lugares onde naceron. Unha boa parte utiliza os trens normais ou especiais pra chegar hastra a fronteira, atopándose alí con que o distinto ancho da vía, obli-galles a transbordar a trens españoles. E entón empeza o verdadeiro problema: os coches que os esperan son notablemente inferiores en número e carecen de condicións normais pró transporte. Ademais, non teñen os servizos tan necesarios de bar e comedor, ó contrario do que ocorre no resto de Europa, (sobor de todo, no longuísimos recorrido de 900 kilómetros hastra Galicia).

A parte final do seu viaxe lévase a cabo en condicións realmente bochorrosas, o que a fai auténticamente penosa.

A vista deste feito, repetidó-dolos anos, nas festas do Nadal e no vran, eu propóñolles que desplacen un corresponsal hastra Irún pra que comprobe directamente (e faga fotos) as esce-

nas que naquela reducida estación teñen lugar no difícil intento de conquistar un sitio pra continua-lo viaxe.

Con todo, o realmente aconsellable é acompañar unha expedición de españoles dende o seu lugar de residencia en Suiza, Bélxica ou o sur de Alema-nia. Resulta algo máis caro, pro a impresión que se percibe ó entrar, e sobor de todo, ó continuar, é moi espresiva e moi difícil de esquencer (principalmente se se fai o viaxe hastra Galicia).

Cos datos recollidos, as fotografías tomadas, as conversacións escoitadas e as grandes incomodidades padecidas, hai material dabondo pra preparar un completo artigo (incluso un número monográfico) sobor do trato concedido ós emigrantes. Sen dúbida a solución e moi sinxela: poñer máis trens. Pro a RENFE non dispón en todo o país de máis de 1.400 coches de viaxeiros, a cifra máis baixa de Europa e a *terceira parte* dos que teñen só en Suiza (ver Memorias Anuales).

Por outra banda, nos últimos doce anos non se construíu *nin-gún novo*.

As importantes remesas dos emigrantes non tiveron a menor aplicación en beneficio público.

Esperando que lle den a este asunto a importancia que ten, saúdolles atentamente

R.D.
A Coruña

moita satisfacción ó saudalo dende o outro extremo de España e felicitalo pola súa maravillosa laboura en pro da cultura e a lingua galegas. O mesmo tempo quixera pedirlle que publique a miña carta na revista.

Debo anunciarlle que lein varias veces os saúdos que enviaron á revista catalá «Presencia», e deime conta de que somos dous pobos moi irmáns que loitamos por uns ideais semellantes: integración das nosas linguas vernáculos de cheo na sociedade, autogoberno, evita-lo peso da cultura e lingua castelás nos nosos pobos... Somos pobos fortes e admirables porque ninguén logrou facer desaparecer-la nosa ben querida cultura.

Teño o gusto de coñecer a moitos galegos que viven en Girona e que tiveron que emigrar ó meu país pra poder vivir. Son maravillosos.

O tema das nacionalidades oprimidas (Euzkadi, Galiza, Catalunya, Occitania, Bretaña, Córcega, Croacia, Ucrania...) chámame especialmente a atención. Eu loito en favor delas, pra facer vale-los seus dereitos.

Pro eu escribín pra que publique a miña dirección e tódolos galegos interesados en ensiñarme algo da súa cultura e lingua poidan facer amizade comigo. Gustaríame poder aprende-lo galego, sexa por medio da lectura de literatura galega ou pola correspondencia con amigos galegos. Non dubidedes en escribirme.

Este é o meu enderezo.

Josep María Ribas Masachs
Escoles s/n
Ginestar (Girona)

N. da R.:

Esta carta que viña escrita en castelán e que nós traducimos ó galego, traía a seguinte postdata: «Espero que cuando vuelva a escribiros pueda hacerlo ya en gallego. Perdona por haberle distraído durante su maravilloso tiempo. Un saludo muy cordial a todos los gallegos. ¡VIVA GALIZA! ¡VIVA CATALUNYA!

Se quiere seguir tendo
 unha **teima** independente,


¡¡suscríbese!!

NOME _____
 DOMICILIO _____
 POBOACION _____
 PROVINCIA _____ PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

| | ANUAL | SEMESTRAL |
|-------------------------|-------------|-------------|
| PENINSULA IBERICA | 1.872 Ptas. | 936 Ptas. |
| EUROPA: | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 3.120 Ptas. | 1.560 Ptas. |
| RESTO DO MUNDO | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 4.500 Ptas. | 2.250 Ptas. |

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____ IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.


Atentamente,

NOME _____
 DOMICILIO _____
 POBOACION _____
 PROVINCIA _____ PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

| | ANUAL | SEMESTRAL |
|-------------------------|-------------|-------------|
| PENINSULA IBERICA | 1.872 Ptas. | 936 Ptas. |
| EUROPA: | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 3.120 Ptas. | 1.560 Ptas. |
| RESTO DO MUNDO | | |
| CORREO ORDINARIO | 2.080 Ptas. | 1.040 Ptas. |
| CORREO AEREO | 4.500 Ptas. | 2.250 Ptas. |

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____ IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradecer lles que co  c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.

Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.

Fágase socio de Unicef.

Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021

MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono

